# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

## CURSO 2022-2023

## CEIP DE ARZÚA

EDIXGAL




**Titora:**
Iria Peteiro Rey

**Profesorado Especialista:**
Shadia Abdulkadir Rodríguez
María del Carmen Casal Tato
Teresa Díaz Martínez
Remedios Pedrosa Fernández

**ÍNDICE**


1. **INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**.
2. **OBXECTIVOS DA ETAPA.**
3. **RELACIÓN DE OBXECTIVOS DE ÁREA, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.**
4. **METODOLOXÍA.**
   4.1. METODOLOXÍA XERAL
   4.2. ORGANIZACIÓN DE TEMPOS, AGRUPAMENTOS E ESPAZOS.
   4.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.
5. **AVALIACIÓN.**
   5.1. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.
   5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.
   5.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
   5.4. PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.
6. **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
7. **MEDIDAS DE REFORZO/RECUPERACIÓN.**
8. **ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**
9. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE, AO PLAN LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO, AO PLAN TIC E Á EDUCACIÓN EN VALORES E PLAN DE CONVIVENCIA.**
10. **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**
11. **TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.**
12. **ÁREA DE INGLÉS.**
13. **ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.**
14. **ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA E PLÁSTICA.**
15. **ÁREA DE RELIXIÓN.**

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación está deseñada para levar a cabo con 23 alumnos e alumnas de 6º nivel de Educación Primaria. O grupo está formado por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, con tres nenas de nova incorporación este curso escolar. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un deles ou delas e á súa situación.

Este grupo de 6º E.P vai continuar co proxecto educativo E-Dixgal e isto vainos permitir que todo o grupo poida dispor dun ordenador para desenvolver o seu traballo tanto na escola como na súa casa.

O CEIP de Arzúa está situado na vila de Arzúa. Ten este curso 245 alumnos/as atendidos por 24 mestres; dos cales 76 son de Infantil e 169 de E. Primaria. O colexio conta con 14 aulas, 5 son de Infantil e as restantes de Educación Primaria. Tamén conta cunha biblioteca.

Este centro educativo ten tamén varias aulas para necesidades específicas: unha aula de informática con ordenadores conectados a Internet, unha aula de música, unha aula de Inglés, un ximnasio, dous patios, unha sala de mestres…

As súas instalacións están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas, a sala do profesorado, a biblioteca, a aula de audiovisuais, un ximnasio, o comedor, a aula de informática,... pistas deportivas e unha zona de xogos para educación infantil.

En canto ao profesorado se refire, ademais dos/as titores/as, contamos con especialistas de Inglés, Música, Relixión e Educación Física. Do mesmo xeito, para a atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo contamos co persoal especializado: unha orientadora, unha especialista en Audición e Linguaxe e dúas especialistas en Pedagoxía Terapéutica así como unha coidadora.

A principal actividade económica das familias está vencellada á agricultura e gandería, atopándose nun nivel sociocultural medio. É de destacable relevancia o papel das mesmas, xa que participan de xeito activo nas actividades que se realizan no centro.

A lingua vehicular do centro será o galego, xa que esta é a lingua materna da maioría dos nenos e nenas e das súas familias. O ensino impartirase nas linguas que lle correspondan segundo a porcentaxe estipulada no currículo co fin de que os/as alumnos/as acaden do mesmo xeito unha competencia en comunicación lingüística nas dúas linguas oficiais, tratamento que se enmarca dentro do establecido no Decreto 79/2010,do 20 de marzo para o plurilingüismo no ensino non universitario.

## 2. OBXECTIVOS DA ETAPA.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.

f ) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.

i ) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

l ) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

## 3. RELACIÓN DE OBXECTIVOS DE ÁREA, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Comezaremos coas linguas, as matemáticas, as ciencias sociais, as ciencias naturais e os valores sociais e cívicos.

Dentro de cada materia e bloque están os obxectivos que se traballarán así como os estándares de aprendizaxe, os criterios de avaliación e as competencias clave.

### LINGUA GALEGA E LITERATURA

| AREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | | | | |
| a | B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para | B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando o tema e elaborando un resumo. | LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, | CCL e CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos, distinguindo información de opinión, e elaboración dun resumo. | opinións e valores non explícitos. | LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión. | CCL<br>CSC |
| b d<br>e<br>i<br>o | B1.2. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e a experiencias doutras persoas.<br>B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender. | B1.2.Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. | LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC |
| | | | LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| | B1.4. Interpretación elemental en textos orais da retranca, da ironía e de dobres sentidos, recoñecendo a primeira como un trazo característico da lingua galega. | B1.3. Interpretar a retranca, a ironía e os dobres sentidos, entendendo a primeira como un trazo característico da lingua galega | LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.3.2. Recoñece a retranca como un trazo | CCL<br>CCEC<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | característico da lingua galega. | |
| a b c e o | B1.5. Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates). | B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. | LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSEIEE |
| | | | LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae as ideas máis destacadas. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o | CCL<br>CSIEE<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. | |
| | | | LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates. | CCL<br>CSIEE<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.4.5 Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| A c<br>e o | B1.6. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual). | B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais. | LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a c d e | B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados). | B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | CCL<br>CSC<br>CAA |
| | | | LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | | | LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptadas ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión, procurando a empatía coa persoa interlocutora. | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | | | LGB1.6.5. Participa activamente na conversa formulando e contestando preguntas. | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA |
| a b<br>e o | B1.8. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, | B1.7. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados. | LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | xestualidade. Incorporación das intervencións das demais persoas, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións. | | LGB1.7.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos adecuados. | CCL |
| | | | LGB1.7.3. Emprega o rexistro lingüístico | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | (formal ou informal) adecuado a cada contexto. | |
| | | | LGB1.7.4. Amosa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega. | CCL<br>CCEC |
| b e<br>i | B1.9. Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer e compartir información e opinión. | B1.8. Elaborar textos propios dos medios de comunicación. | LGB1.8.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE<br>CSC |
| d e | B1.10. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas, posturas corporais). | B1.9. Reforza a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual. | LGB1.9.1. Utiliza a expresividade corporal: acenos, miradas, postura corporal... para reforzar o sentido das súas producións orais. | CCL<br>CCEC<br>CSC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b d<br>e | B1.11. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. | B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. | LGB1.10.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe activamente ao traballo en grupo. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| E | B1.12. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. | B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CSIEE |
| a d<br>e o | B1.13. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | B1.12. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | LGB1.12.1. Usa unha linguaxe non sexista. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB1.12.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas. | CCL<br>CSC |
| a d<br>e o | B1.14. Recoñecemento e valoración das diferenzas dialectais orais da lingua galega, como elemento enriquecedor da lingua. | B1.13. Recoñecer e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega. | LGB1.13.1. Recoñece textos orais pertencentes a diferentes variedades da lingua galega. | CCL<br>CCEC |
| | | | LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | lingua galega como un símbolo | |
| | | | de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora. | |
| a d e o | B1.15. Identificación da lingua galega con calquera contexto de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral. | LGB1.14.1. Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral: sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación... | CCL<br>CCEC |
| | | | LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | CCL<br>CCEC<br>CSC |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | | | | |
| b e<br>I<br>J<br>O | B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de | B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs | LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social | CCL<br>CD<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos.<br>B2.2. Comprensión de | infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e | ou propios de situacións cotiás. | |
| | | | LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.<br>B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios). | dobres sentidos. | secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo). | |
| | | | LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | LGB2.1.4. Interpreta metáforas, personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia información, opinión e publicidade. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB2.1.7. Emprega o | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. | CSIEE |
| | | | LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| b e | B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións. | B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións. | LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE<br>CMCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b e | B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto. | B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido. | LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto. | CCL<br>CAA |
| b e | B2.6. Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...). | B2.4. Utilizar estratexias para mellorar a lectura. | LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b e i | B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información. | B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto. | LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto. | CCL<br>CD<br>CAA |
| | | | LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto. | CCL<br>CD |
| | | | LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto. | CCL<br>CAA<br>CD<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b e o | B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas. | B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura. | LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas. | CCL<br>CSIEE<br>CAA |
| a b e | B2.9. Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual. | B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía | LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B2.10. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios. | (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación. | | |
| | | | LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión. | CCL |
| | | | LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. | CCL |
| | | | LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información... | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a b<br>e<br>i | B2.11. Uso da biblioteca de aula e do centro, amosando coñecemento da súa organización | B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con autonomía abonda, comprendendo | LGB2.8.1. Usa a biblioteca de aula con autonomía, para obter datos e informacións, e | CCL<br>CAA<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas. | como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora. | colabora no seu coidado e mellora. | |
| | B2.12. Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita. | | LGB2.8.2. Usa a biblioteca de centro con autonomía,para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e na súa mellora. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais,para obter datos e informacións, con autonomía. | CCL<br>CAA<br>CD |
| a b<br>e | B2.13. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal. | B2.9. Ter interese por ter unha biblioteca propia, física ou virtual. | LGB2.9.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros físicos e/ou virtuais. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| a b<br>e | B2.14. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia. | B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a b<br>e<br>m | B2.15. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. | B2.11. Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | LGB2.11.1. Amosa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese. | CCL |
| | | | LGB2.11.2. Éxpresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| a d<br>e o | B2.16. Análise de textos escritos en diferentes variedades da lingua galega. | B2.12. Analizar textos escritos en diferentes variedades da lingua galega. | LGB2.12.1. Percibe as diferenzas lingüísticas presentes nas variedades da lingua galega. | CCL<br>CCEC |
| | | | LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR | | | | |
| a b<br>e | B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, | B3.1. Usar as estratexias de planificación, | LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de | CCL<br>CSIEE<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes | textualización e revisión do texto. | comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | do proceso escritor. | | esquemas, guións ou mapas conceptuais. | |
| | | | LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto. | CCL |
| | | | LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | | | LGB3.1.5. Revisa e reescribe o texto cando é preciso. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a b<br>e<br>i | B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, mensaxes curtas) de acordo coas características propias destes xéneros.<br>B3.3. Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situacións reais ou simuladas. | B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación | LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas... | CCL<br>CAA<br>CD |
| | | | LGB3.2.2. Escribe, en diferentes soportes, textos propios dos medios de comunicación, imitando modelos. | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA |
| | | | LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. | |
| | | | LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | | | LGB3.2.5. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación. | CCL<br>CSC<br>CAA |
| b e | B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, | B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información. | LGB3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, | CCL<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | descricións, explicacións). | | enquisas, resumos, informes... | |
| a b<br>e<br>j | B3.5. Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas... | B3.4. Elaborar textos breves con creatividade. | LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas... | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | LGB3.4.2. Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica. | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB3.4.3. Aprecia os usos creativos da linguaxe. | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |
| b d<br>e<br>i j | B3.6. Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións. | B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións. | LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma. | CCL<br>CAA<br>CSIEE<br>CD |
| | | | LGB3.5.3. Utiliza correctores de textos. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB3.5.4. Utiliza as TIC para realizar presentacións. | CCL<br>CD<br>CSIEE |
| b e<br>i j | B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía) e ilustración creativa dos propios textos. | B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa. | LGB3.6.1. Utiliza recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa. | CCL<br>CD<br>CSIEE |
| a b<br>e<br>i | B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.<br>B3.9.Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos. | B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. | LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte. | CCL<br>CD<br>CAA |
| | | | LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | CCL<br>CSC |
| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | |
| e | B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía | B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e | LGB4.1.1. Recoñece as diferentes | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos | gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de | categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, | |
| | textos traballados; clases de palabras, sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición, conxunción e interxección; grupo de palabras: núcleo e complementos; substantivos, artigos e pronomes, adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; complementos do nome e complementos do verbo: o suxeito. | textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección. | |
| | | | LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.1.4. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo e imperativo. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.1.5. Identifica as oracións simples, | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do | |
| | | | nome. | |
| b e | B4.2. Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas nos escritos.<br>B4.3. Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas. | B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| e e | B4.4. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos | B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas. | LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación. | CCL |
| | | | LGB4.3.2. Usa unha sintaxe | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.<br>B4.5. Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións | | adecuada nas súas producións. | |
| | | | LGB4.3.3. Respecta as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono. | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | do significado.<br>B4.6. Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación, tanto na escritura como na expresión oral. | | | |
| e | B4.7. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...), así como doutros elementos de cohesión, en relación coa composición de textos. | B4.4. Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión. | LGB4.4.1. Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición... | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.4.2. Recoñece determinados | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | procesos de cohesión nos textos: anáfora, deixe, elipse, sinónimos... | |
| e | B4.8. Identificación, en oracións, do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como o papel semántico deste (axente, paciente e causa).<br>B4.9. Transformación de oracións de activa en pasiva, e | B4.5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos. | LGB4.5.1. Identifica, en oracións, o papel semántico do suxeito.. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.5.2. Transforma oracións activas en pasiva, e viceversa. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | viceversa, para mellorar a comprensión de determinados textos. | | | |
| e | B4.10. Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración, e viceversa, para mellorar a produción de textos. | B4.6. Transformar un texto narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto e viceversa. | LGB4.6.1. Transforma un texto narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto e viceversa. | CCL<br>CAA |
| b e<br>i | B4.11. Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital, na busca da ampliación do | B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e | LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera | CCL<br>CAA<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.<br>B4.12. Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.<br>B4.13. Ampliación do vocabulario mediante os procedementos de creación de palabras: derivación (prefixos e sufixos) e | reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. | palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto. | |
| | | | LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | composición. | | abreviaturas. | |
| a d<br>e h<br>m<br>o | B4.14. Coñecemento das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | B4.8. Coñecer as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | LGB4.8.1. Identifica as características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega. | CCL<br>CCEC |
| | | | LGB4.8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | pluricultural de España e de Europa. | |
| a b<br>d e<br>m<br>o | B4.15. Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias. | B4.9. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega. | LGB4.9.1. Recoñece e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender. | CCL<br>CCEC |
| | | | LGB4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe. | CCL<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | |
| b d<br>e o | B5.1. Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, | B5.1. Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da | LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular | CCL<br>CAA<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.<br>B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | literatura galega en xeral. | oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral. | |
| | | | LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | CCL<br>CCEC |
| b d<br>e<br>i | B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).<br>B5.4. Lectura guiada de textos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes. | B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. | LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. | CCL<br>CCEC<br>CD |
| | | | LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, | CCL<br>CCEC<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. | |
| b d e | B5.5. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos. | B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes. | LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. | CCL<br>CCEC |
| | | | LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas. | CCL |
| | | | LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras. | CCL<br>CCEC<br>CAA |
| | | | LGB5.3.4. Identifica temas e tópicos recorrentes na literatura. | CCL<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b e | B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos. | B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados. | LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas. | CCL<br>CCEC<br>CSC |
| b d e | B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios diversos. | B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios diversos. | LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios diversos. | CCL |
| a d e o | B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. | B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. | LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| a d e o | B5.9. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.<br>B5.10. Comparación de imaxes, símbolos e | B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. | LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto. | CCL<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. | | LGB5.7.2. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. | CCL<br>CCEC |

**LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR | | | | |
| a<br>c<br>e | B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; papel de persoa moderadora; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais. | B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as | LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica). | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección. | CCL<br>CAA |

intervencións
dos e daws demais.
LCB1.1.3. CCL
Escoita CAA
atentamente as intervencións
dos CSC
compañeiros e
segue as
estratexias e
normas para o
intercambio

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais. | |
| | | | LCB1.1.4. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| e | B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. | B1.2. Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais. | LCB1.2.1. Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a b e | B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente. | B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura | LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. | CCL |
| | | | LCB1.3.2. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | coherente. | substituíndo elementos básicos do modelo dado. | |
| | | | LCB1.3.3. Participa activamente en diversas situacións de comunicación:<br>Debates e diálogos.<br>Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | LCB1.3.4. Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| e | | | | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B.1.4. Valoración crítica de mensaxes verbais e non verbais. | B1.4. Analizar e valorar con sentido crítico as mensaxes orais. | LCB1.4.1. Amosa unha actitude de escoita atenta. | |
| | | | LCB1.4.2. Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social. | CCL<br>CAA |
| | | | LCB1.4.3. Interpreta o sentido dos elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (léxico, locucións). | CCL<br>CAA |
| e | B1.5. Valoración dos contidos transmitidos polo texto. Dedución das palabras polo contexto. Ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas. | B1.5. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso | LCB1.5.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe. | CCL |
| | | | LCB1.5.3. Diferenza polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas (palabras homófonas, homónimas, parónimas, polisémicas). | CCL |
| e | | | | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B1.6. Comprensión de textos orais segundo a súa tipoloxía.Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas. | B1.6. Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos. | LCB1.6.1. Identifica o tema do texto. | |
| | | | LCB1.6.2. Identifica as ideas principais dun texto. | CCL<br>CAA |
| | | | LCB1.6.3. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias. | CCL<br>CCA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b e | B1.7. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.<br>B1.8. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias. | B1.7. Memorizar e reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral. | LCB1.7.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| a e | B1.9. Identificación da finalidade comunicativa de textos de diferentes tipoloxías: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa | B1.8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe | LCB1.8.1. Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos) Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas. | (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). | LCB1.8.2. Responde de forma correcta a preguntas correspondentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais. | CCL<br>CAA |
| | | | LCB1.8.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
*Nota: A materia de Libre Configuración "Reforzo ás linguas" réxese polos mesmos principios que as áreas de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura en canto a obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e na súa contribución ás competencias clave. Do mesmo xeito, garantirase en todo momento o equilibrio en canto á carga horaria en ambas as dúas áreas.

## METODOLOXÍA.

### 4.1. METODOLOXÍA XERAL

A programación está baseada nunha metodoloxía activa, participativa, lúdica e práctica. En todo momento tentarase que as aprendizaxes que se realizan se poidan poñer en práctica na vida cotiá, polo que tamén é funcional e competencial.

Ademais tamén é unha ensinanza significativa, pois téntase que o alumno/a comprenda o que está a estudar.

Traballarase de xeito individual, en parellas e tamén en pequeno ou gran grupo dependendo da temática a tratar.

A programación aséntase nos seguintes principios:

a) Ten en conta o momento evolutivo no que se atopan os alumnos/as.

b) Parte do nivel de desenvolvemento do alumno.

c) Recupera as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior.

Será necesaria pois, unha exploración inicial para saber a súa competencia cognitiva (o que sabe e como o sabe), pois o nivel de desenvolvemento do alumno/a e os seus coñecementos previos son o referente inicial para planificar ben a ensinanza.

d) Basease en contidos e obxectivos significativos.

A aprendizaxe é máis eficaz cando se relaciona co que se sabe, se conecta coa práctica, se adecúa á madurez do alumnado/a e ten coherencia e lóxica.

e) Ensina ó alumno/a a aprender a aprender, a facer e pensar.

A autonomía na aprendizaxe conseguiraa a través de un adestramento sistemático no dominio das técnicas instrumentais de estudo e de traballo, no desenvolvemento óptimo das capacidades intelectuais, no exercicio de vontade e na capacidade de esforzo.

f) Exercita e cultiva a memoria comprensiva.

Posto que contén estratexias que axudan a cultivala. Dita memoria implica recordar o que aprenderon, servindo de punto de partida para novas aprendizaxes.

g) Provoca modificacións e cambios na estrutura mental dos alumnos/as..

Posto que se parte sempre do que o alumno/a coñece, para adentrarse pouco a pouco en novos campos de coñecemento. Esta aproximación levarase a cabo antes do desenvolvemento da unidade didáctica, recordando coñecementos que se consideran necesarios para a comprensión do que se expón no tema obxecto de estudo.

h) Utiliza a ensinanza activa.

Está deseñada con actividades nas que o alumno/a ten que participar dunha maneira activa, sendo guiado e orientado en todo momento polo profesor/a e establecendo as relacións posibles entre o novo contido que se lle transmite e os esquemas xa existentes na súa mente.

Para elo, a programación:

- Presenta secuenciados e estruturados didacticamente os distintos contidos.
- Organiza o proceso de ensinanza de forma globalizada en todas as áreas de coñecemento.
- Contén tarefas e actividades motivadoras que estimulan e espertan ointerese e a curiosidade.
- Facilita o grao de dificultade das actividades ao ritmo da aprendizaxe do alumno/a para que se manteña o interese.
- Inclúe actividades suficientes para asegurar os automatismos operativos e da linguaxe.
- Secuencia os procesos didácticos para que o alumno/a teña tempo suficiente para elaborar os seus conceptos e asimilar o aprendido.
- Estimula a verbalización.
- Crea situacións para que o alumno explique o que fixo, o que vai facer, o que está facendo, proporcionando ao profesor/a unha imaxe do seu proceso mental e de como actuar para superar as dificultades.
- Axuda a estimular o diálogo profesor/a-alumno/a para provocar o razoamento, perfeccionalo ou corrixir os desvíos conceptuais.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que propoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os contidos novos.

- Progresiva e coidadosa incorporación de coñecementos novos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/ade Quinto curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición dascompetencias propias da materia.

- Exercicios e actividades diversificados que teñen en conta competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en Proxectos e en tarefas integradas, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais.

O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, posto que nos permite motivar o alumno/a, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

### 4.2 ORGANIZACIÓN DE TEMPOS, AGRUPAMENTOS E ESPAZOS.

**O tempo**, entendido como o dedicado á ensinanza no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia.

**Agrupamentos**: Este curso o alumnado sentarase por parellas, que irán rotando tantas veces como se considere oportuno. Tamén se realizarán traballos en grupos.

**Espazos**: Aula, biblioteca, salón de actos, espazos exteriores e aula de informática.

### 4.3 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Na aula traballarase fundamentalmente nun entorno dixital, plataforma virtual E-Dixgal. Tamén se usarán fichas de traballo impresas.

Botarase man de materiais cos que conta o centro, como:

- Pizarra Dixital Interactiva.
- Material básico para facer experimentos sinxelos: magnetismo, electricidade...
- Xogos educativos.
- Ferramentas dixitais.

Empregaremos as coleccións de libros que haxa na biblioteca do centro e o material de robótica.

## 5. AVALIACIÓN

Como a avaliación vai ser de xeito competencial é por iso que os procedementos da mesma deben axeitarse tamén ás competencias que se queiran acadar .

Polo tanto o seguimento sistemático do traballo diario, a participación en actividades individuais, grupais e todo o que teña que ver coa colaboración nas tarefas de aprendizaxe, serán procedementos para unha boa avaliación de forma continua.

### 5.1. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

Realizarase a primeira semana de clase unha proba escrita que versará sobre contidos do nivel anterior tanto das Linguas como de Matemáticas. Desta forma avalíase o grao

de coñecementos previos dos alumnos, a súa expresión escrita, ortografía e capacidade de enfrontarse a unha proba semellante ás que terá ao longo do curso.

A avaliación inicial comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado así como as súas necesidades de atención educativa.

a) Análise dos informes do curso anterior.
b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa e emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación.

A nota procedente desta proba, non se terá en conta para facer media coas seguintes notas do curso.

### 5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

A cualificación do alumnado decidirase tendo en conta as seguintes variables:

- Interese
- Actitude
- Traballo continuo
- Esforzo
- Probas obxectivas
- Presentación de traballos
- Comportamento

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaínte (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3, ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaínte: 9 ou 10.

Os criterios de cualificación para as áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá serán os seguintes:

| *Criterios de cualificación* | *Valoración* | *Instrumentos* |
|---|---|---|
| **Valoración dos contidos e competencias desenvolvidos.** | 70 % | Probas orais e escritas. |
| **Realización do traballo na clase** (Realización axeitada do traballo tanto no caderno como co ordenador, organización dos materiais e presentación do caderno e doutros traballos), **Realización do traballo diario na casa** (rematar tarefas e estudar) e **Valoración de actitudes na aula** (Escoita, esforzo, participación e colaboración) | 30 % | - Caderno<br>- Rexistro de actividades de clase (tanto orais como escritas).<br>- Rexistro de organización de materiais.<br>- Rexistro das actividades online que teñen que enviar á súa titora a través da plataforma virtual E-Dixgal.<br>- Rexistro diario de traballo que había que rematar.<br>- Corrección do traballo realizado na casa.<br>- Rexistro de participación e de actitude na clase. |

**VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:**

A súa actitude e esforzo: 20%
A participación nas actividades voluntarias: 10 %
*O coidado do material: 20 %*
*A súa participación activa no traballo en equipo cooperativo: 50 %*

- **En canto aos criterios de PROMOCIÓN:**

Seguiranse os criterios ditaminados polo centro. Estes criterios están recollidos no PEC na páxina 32.

## 5.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os procedementos de avaliación empregados serán os seguintes:

- Avaliación inicial ou de diagnóstico.
- Avaliación dos contidos mediante probas orais e escritas.
- Avaliacións acumulativas a través de probas obxectivas.
- Observación directa na aula e dos cadernos do alumno/a.
- Autoavaliación dos alumnos.
- A supervisión da entrega de tarefas realizadas polo alumnado, a través de distintos medios telemáticos.
- A entrega de traballos do alumnado, nos que se valorará a presentación, a expresión escrita, a adecuación dos contidos ao nivel do curso,...
- A implicación no traballo online desenvolvido.

**Os instrumentos de avaliación serán:**

- Rexistro e valoración de composicións escritas.
- Rexistro e valoración de exercicios de comprensión lectora.
- Rexistro e valoración de traballos de carácter interdisciplinar.
- Rexistro e valoración de traballos sobre libros de lectura.
- Rexistro e valoración de traballos de investigación.
- Valoración da actitude, grao de implicación e interese no traballo realizado.

## 5.4. PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.

Avaliarase trimestralmente a programación así como a práctica docente.

| AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE | | VALORACIÓN 1-2-3-4-5 | PROPOSTAS MELLORA |
|---|---|---|---|
| Regulación da práctica docente | Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases. | | |
| | Existe unha distribución temporal equilibrada. | | |
| | O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo. | | |
| Utilización dunha metodoloxía adecuada | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. | | |
| | Tivéronse en conta as aprendizaxes significativas. | | |
| | A metodoloxía fomenta a motivación e o | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | desenvolvemento das capacidades do alumno/a. | | |
| Regulación da práctica docente | Grao de seguimento dos alumnos. | | |
| | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. | | |
| Avaliación das aprendizaxes e información que se lles dá aos alumnos e ás familias | Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos. | | |
| | Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables das aprendizaxes. | | |
| | Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas. | | |
| | Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer:<br>Aos alumnos.<br>Ás familias. | | |
| Utilización de medidas para a atención á diversidade | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe. | | |
| | Ofrecéronse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. | | |
| | Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos. | | |

## 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No contexto do proceso de avaliación continua, e tendo en conta a diversidade do alumnado, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Tendo en consideración a diversidade do alumnado, atenderase ás medidas de apoio e reforzo necesarias, levándose a cabo con adaptación de actividades, de contidos e obxectivos.

En casos especiais atenderase ás adaptacións curriculares necesarias, que serán deseñadas desde o departamento de orientación e coa colaboración da titora do alumno/a. Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto na lexislación vixente.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a

igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería competente en materia de educación, adoptándose as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

## 7. MEDIDAS DE REFORZO/RECUPERACIÓN.

Con respecto aos ***programas de reforzo*** para aquel alumnado que non consiga acadar os obxectivos ou mesmo para o que presente dificultades na comprensión dos mesmos, empregaranse medios como:

- As propias fichas de reforzo e recuperación de libros de texto.
- Se o neno ou nena non é quen de superar un exercicio escrito ou unha proba escrita, substituirase por unha de tipo oral.
- En vez de plantexar cuestións que teñan respostas dunha certa elaboración, plantexar cuestións de respostas curtas ou tipo test.
- Servir de guía e facilitarlles os pasos a seguir á hora de facer un resumo sobre calquera texto.
- Presentarlles e traballar coa propia realidade coñecida para que logo aumenten o seu coñecemento, tanto a nivel de competencia matemática como lingüística e mesmo no coñecemento e interacción co mundo físico.
- As actividades grupais son moi satisfactorias e integradoras porque deste xeito, ningún neno ou nena se sinte desvinculado.

## 8. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

## 9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE, AO PLAN LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO, AO PLAN TIC E Á EDUCACIÓN EN VALORES E PLAN DE CONVIVENCIA.

### ● ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, descompostos en descritores.

Os elementos transversais, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

O desenvolvemento de valores axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse para que sexan capaces de construír unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas provenientes de situacións cotiás partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumno.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

• Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.

• Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.

• Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.

• Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.

• Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.

• Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

• Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.

• Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e

comprender o que acontece ao noso arredor.

***Comunicación lingüística***

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, coa importancia de iniciar os alumnos nesa busca de información e presentarlla ao resto, de realizar simulacións, de iniciarse na actividade científica..., é unha prioridade traballar co alumnado a comprensión ao longo destas unidades que se desenvolven.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Plan lector: gozar coa lectura.
- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.

***Competencia dixital***

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

***Conciencia e expresións culturais***

A través da ciencia, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

***Competencias sociais e cívicas***

O desenvolvemento de actitudes e valores vinculados ao respecto cara a un mesmo e cara aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias e o seu carácter social polo que os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

- Educación en valores: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

A necesidade de traballar a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que alcancen os obxectivos propostos.

Neste caso, os descritores que se van adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.

***Aprender a aprender***

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

## ● ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO.

As accións de contribución ao proxecto lector e ao plan lingüístico do centro atópanse enmarcadas no ámbito da competencia en comunicación lingüística. Preténdese a mellora das habilidades lingüísticas desde todas as áreas curriculares. Significa activar en todas as áreas e actividades interdisciplinares os obxectivos lingüísticos esenciais formulados nas áreas de Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura.

Procurarase, sempre que sexa posible, aplicar os conceptos e as técnicas esenciais establecidos nos devanditos plans en todas as áreas, así como nas actividades escolares. Deste xeito, proporciónanse contidos reais e contextos significativos á reflexión e mellora do usos da lingua e da lectura.

Procurarase, na medida do posible, que a maneira de traballar na aula responda ás directrices establecidas no proxecto lingüístico de centro, así como no plan lector, procurando a súa concreción.

En todo caso, teranse en conta, en primeiro lugar, as necesidades concretas, os intereses e o nivel de maduración dos alumnos.

As propostas do plan lector inseriranse de forma integrada en actividades de lectura programada baixo criterios de extensión, diversidade de tipoloxías e temáticas acordes co nivel no que nos atopamos.

Algunhas actividades para desenvolver a competencia lectora poden ser:

- Lectura en voz alta de textos e libros por parte dos alumnos.
- Lectura graduada relacionada coa linguaxe e o tema da unidade en casa.

• Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).

• Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).

• Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

• Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción, revisión.

• Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.

• Realización de dramatizacións a partir dun texto traballado.

• Expresión das súas propias experiencias e sentimentos.

• Na terceira sesión, despois do recreo, dedicaremos 20 minutos á lectura individual ou colectiva en distintos formatos (plan lector do centro).

Tamén faremos as lecturas pertinentes tendo en conta os autores/as que veñan ao colexio.

● **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.**

Tomando como referencia o establecido no plan TIC do centro, levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Búsqueda de información complementaria.
- Realizacións de actividades online ou a partir de diversos programas educativos elaborados para tal fin.
- Elaboración de actividades interactivas propias (como as creadas no “livewhorksheets”).

Dado que somos unha aula EDixgal, as tics están máis presentes ca nunca en todas as áreas curriculares.

● **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Á EDUCACIÓN EN VALORES E PLAN DE CONVIVENCIA.**

A educación moral e a educación en valores é consubstancial á educación mesma. É competencia das institucións educativas o compromiso coa transmisión de valores, organizando materias, actividades ou programas centrados na formación ética como

programas de educación moral e cívica, ética, temas transversais, orientacións sobre educación en valores...
A educación en valores atópase integrada no Plan de convivencia do centro. Considerando que unha verdadeira educación en valores non pode quedar na mera ilustración conceptual ou na formación de opinións, senón que ha de levar a unha conduta e á adquisición duns hábitos ou virtudes.
Atendendo a estas premisas, a educación en valores traballarase:

- De forma ocasional. Aproveitando noticias, sucesos, efemérides ou o estudo académico dun tema determinado dedicarase unha sesión de formación en valores utilizando a metodoloxía que mellor conveña ao tema e achegando información real sobre o feito motivo da reflexión.
- De forma sistemática nunha área concreta. Determinando un tempo dentro do horario escolar para a formación en valores.
- Sistematicamente en todas as áreas. A través da selección de valores determinados para reflexionar e traballar en todas áreas curriculares.

Ten por obxectivo a recomendación de normas e directrices que van encamiñadas ao fomento dos valores e actitudes de convivencia que han de rexer a vida diaria do centro. Desde o traballo dos contidos relacionados coa educación en valores (Educación para a Paz,...) debemos impulsar e promover actuacións encamiñadas á mellora e/ou mantemento das boas relacións interpersoais dos distintos colectivos (mestres, pais, nais e alumnos/as,...) que conviven nun centro escolar así como o establecemento de pautas que poidan resolver posibles situacións de conflito. Tendo en conta a importancia de potenciar a convivencia na escola, preténdese realizar un traballo sistemático, tanto nas horas de titoría como en calquera momento en que a situación o precise. As actividades que se levarán a cabo estarán en coordinación coa Comisión de Convivencia do centro. Dende o noso nivel teremos en conta o protocolo de actuación ante situacións conflitivas. Faremos coñecer ao grupo as normas establecidas no NOF do centro, propoñendo situacións imaxinadas nas que poñer en práctica o protocolo; igualmente elaboraranse as normas básicas da aula e faranse saber aos alumnos/as os seus dereitos e deberes. No protocolo tamén se indica que en casos de maior gravidade participará na valoración do alumnado o Departamento de Orientación e, cando así se considere, intervirá o Equipo Directivo para valorar a sanción a aplicar.

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

En canto ás actividades complementarias e extraescolares, procuraranse facer referencia na aula a todas aquelas conmemoracións oficiais establecidas na Orde do 20 de maio do 2022 (calendario escolar para o curso 2022/23). Ademais, participaremos naquelas actividades complementarias que se recollen na PXA do centro como poden ser o Magosto, o Nadal, o Entroido, etc.

Todas estas actividades traballaranse tendo en conta o tema central do colexio "**A auga, fonte de vida".**

Tamén participaremos na modalidade do Plan Proxecta "Paisaxe e Sustentabilidade" facendo actividades de diverso tipo (manualidades, traballos...).

No que se refire ás saídas, tal e como se acordou a nivel centro, faranse aquelas que considere o profesorado, dentro ou fóra da localidade.

Se a situación o permite o alumnado de 6º (xunto co alumando de 5º) retomará a "Saída á neve" (actividade organizada coa mestra de Educación Física).

Do mesmo xeito, se as circunstancias o permiten, organizarase unha saída fin de curso. Queda pendente por determinar o lugar (dentro ou fóra da Comunidade Autónoma) e os días de duración.

*Quedan abertas outras posibles saídas atendendo ás ofertas que recibamos así como aos intereses que xurdan durante o curso.

*O Equipo Directivo e a coordinadora de Actividades extraescolares e complementarias terán sempre coñecemento das saídas que se realicen.

## 11. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

No 6º nivel de E. Primaria escolléronse os temas de Netex-Smart que ofrece a plataforma virtual E-Dixgal para traballar este curso co alumnado. A eles incorporase material doutras Editoriais, especialmente de Edebé.

Dado que a competencia dixital é fundamental no avance das distintas materias, iremos adaptándonos ao ritmo da clase e non imos facer por esta razón un reparto trimestral dos temas. A previsión é impartir catro temas de Matemáticas, Lingua e Lengua por trimestre e dous de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais. A orde dos temas que aparecen na programación pode verse alterada por razóns de carácter pedagóxico que se irán adoptando ao longo do curso.

**PROGRAMACIÓN DE SEXTO NIVEL DE PRIMARIA**

**PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA**

**(INGLÉS)**

1.INTRODUCCIÓN
1.1. AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS
2. CONTEXTO
2.1. CONTEXTO DO CENTRO EDUCATIVO E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO
2.2. PLAN DE LECTURA
2.3. PLAN DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN
3. DISEÑO CURRICULAR
3.1. CURRÍCULO
3.2. OBXECTIVOS
3.3. COMPETENCIAS CLAVE
3.3.1. COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
3.3.2. RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS
3.3.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
3.4. CONTIDOS
3.5. METODOLOXÍA
3.5.1. METODOLOXÍA XERAL
3.5.2.METODOLOXÍA ESPECÍFICA.
3.5.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
3.5.4. ACTIVIDADES
3.5.45. ORGANIZACIÓN DE TEMPOS, AGRUPAMENTOS E ESPAZOS
3.5.6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO
3.6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS
3.7. AVALIACIÓN
3.7.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
3.7.2.. RECURSOS DE AVALIACIÓN
3.7.2.1. AVALIACIÓN INICIAL
3.7.2.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
3.7.2.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
3.7.2.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
3.8. OBXECTIVOS MÍNIMOS

## 1. INTRODUCCIÓN

Esta programación foi deseñada para alumnos do 6º nivel de Educación Primaria. Trátase de 1 grupo de 21 nen@s formado por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un dos alumnos e

alumnas e a súa situación, así como aos diferentes estilos de aprendizaxe.

Salientar que a comunidade Educativa é consciente das necesidades sociais e psicolóxicas das crianzas, da súa diversidade, e da función fundamental da escola na conciliación laboral das familias, por iso é preciso que a administración dote ás escolas e institutos do mínimo en recursos humanos para conquerir os obxectivos que se prantexan, así como dos medios informáticos (ordenadores e conexión a internet) daqueles nenos e nenas que non dispoñan deles e, así, evitar a fenda tecnolóxica e social existente e procurar que a escola cumpra a súa función niveladora.

Os/as alumnos/as aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable. Promoverase a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria.

Debemos tentar conseguir que o alumnado adquira as competencias marcadas pola LOMCE centrándonos, como é lóxico, na Competencia en Comunicación Lingüística e facendo especial fincapé nas Competencias Sociais e Cívicas e Aprender a Aprender. Por outra parte, incorporar tamén o conxunto de Elementos Transversais neste proceso de aprendizaxe para a convivencia. Tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, o rexeitamento a calquera tipo de violencia, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física, a dieta equilibrada, a saúde e toda aprendizaxe dirixida ao desenvolvemento dunha vida respectuosa, responsable e plena.

Nun mundo cada vez máis globalizado, o dominio dunha segunda lingua estranxeira faise necesario, así como o uso das novas tecnoloxías, tanto no aspecto comunicativo como de búsqueda de información.

O profesorado tratará de crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno/a e a procura do desenvolvemento do talento particular de cada un/ha deles/as. Tamén deberá preparar e organizar o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo, coordinar accións impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese d@ alumn@ cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os errores como signos de progreso. Pola súa parte, o alumnado deberá participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo o centro e a razón de ser da educación.

Queremos salientar a dificultade e o desgaste psicolóxico e físico que supón o uso da máscara para o proceso de ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Todo isto merma moito a calidade deste proceso e a consecución dos obxectivos.

Por iso, a introdución desta programación pon por diante a importancia de deixar abeirado competencias, contidos e habilidades desta area, perante a sensibilización, o traballo da seguridade emocional e sanitaria e o desfrute da

materia de lingua estranxeira partindo destes principios.

***FUNDAMENTACIÓN LEXISLATIVA***

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifi-cou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver me-didas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

A Lei organica 3/2020, do 3 de maio, modificou a Lei organica 2/2006, do 3 de maio, de educacion, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atencion a diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao maximo as súas potencialidades.

O currículo na Comunidade Autonoma de Galicia para as diferentes etapas educativas esta establecido no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educacion infantil na Comunidade Autonoma de Galicia, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educacion primaria na Comunidade Autonoma de Galicia e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educacion secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autonoma de Galicia.

Na Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formacion Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación Infantil , educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.

### 1.1. AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán/dá competente, que sexa consciente do que fai e o que di de forma creativa e autónoma.

Dende a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interatúan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, ten que ser capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Destaca o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: @ alumn@, mediante o que sabe, debe demostrar que o sabe aplicar, pero ademais que sabe ser e estar. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral d@ alumn@. Polo tanto, a institución escolar non so prepara aos/ás nenos/as no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/dá, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o

respecto aos/ás demais, responsabilidade e cooperación.

## 2. CONTEXTO

### 2.1. CONTEXTO DO CENTRO EDUCATIVO E DO ALUMNADO

O contexto do centro educativo, enmarcado nun pobo de interior, Arzúa, así como o contexto socio-cultural dos alumnos serán dous factores determinantes a ter sidos en conta.

### 2.2. PLAN DE LECTURA

Algunhas actividades para desenvolver a competencia lectora en inglés serían:

- Lectura en voz alta de textos por parte dos alumnos.
- Grupos de lectura dentro e fóra da aula.
- Lectura graduada relacionada ca linguaxe e / ou tema da unidade na casa.

### 2.3. PLAN DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

| | |
|---|---|
| Obxectivos: | Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira.<br>Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas.<br>Facilitar o acceso á información en soporte dixital.<br>Investigar e contrastar información.<br>Facer un uso adecuado de Internet.<br>Crear documentos en formato dixital.<br>Outros. |
| Recursos: | Conexión a Internet.<br>Aula de informática-<br>Ordenadores, portátiles<br>Pizarra dixital<br>Outros. |
| Programas / Aplicacións: | Aula Virtual do CEIP de Arzúa<br>Páxinas web educativas<br>Procesadores de texto<br>Outros |
| | |

## 3. DISEÑO CURRICULAR

### 3.1. CURRÍCULO

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

a) Os obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas a tal fin.
b) As competencias, ou capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
c) Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias.
Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.
d) A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.
e) Os criterios de avaliación do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en términos de conceptos como en procedementos ou actitudes. Responden directamente ao que se pretende lograr coa materia.
f) Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliables: concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer en cada materias. Deben permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliables xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

## 3.2. OBXECTIVOS

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no ámbito escolar, preparando aos alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe á vez que tecnoloxicamente máis avanzado.
O currículo básico establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por

outros motivos.
e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e, desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.
n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respeto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o). Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

### 3.3. COMPETENCIAS CLAVE

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, basease na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe entre os que están as Competencias clave.
Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre sí en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción, baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que terán que ser demostrados pol@s alumn@s, é dicir, non consiste soamente nunha formación funcional.
En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos.

Formar en competencias permite a aprendizaxe ao longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumnado transcurre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca.
No noso sistema educativo considérase que as Competencias claves que debe ter @ alumn@ cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

**Competencia en comunicación lingüística**
Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que @ individu@, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, e enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura como o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.
@ individu@, mediante a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos, interese cara a aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de lecer.
A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**
A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.
Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, a álxebra, a xeometría e a estadística.
As Competencias clave en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento a

co mundo físico e á interacción responsable co mesmo . Contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan ao/á individuo/a para identificar, plantear e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.
O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.
As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e medio ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

**Competencia dixital**
Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.
Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos e a resolución de problemas en distintos contextos.
O alumnado ten que ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
A adquisición desta competencia require tamén actitudes e valores que permitan ao/a usuari@ adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interactuar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

**Aprender a aprender**
Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e, por outro, ser capaz de continuar aprendendo de maneira autónoma, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.
Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento convértense en obxecto do coñecemento e aprender a executalos adecuadamente.
As atitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

**Competencias sociais e cívicas**
Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social

do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.
A competencia social relacionase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.
Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma constructiva en distintos contornos e a confianza nun mesmo, a integridade e a honestidade.
A competencia cívica basease no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.
Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.
O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns dende unha actitude solidaria e responsable.

**Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor**

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elexida e farase responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.
A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.
Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderazgo, pensamento crítico, avaliación e auto-avaliación.
Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

**Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de lecer e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.
Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a tódolos niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.
A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e desfrutar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

### 3.3.1. COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

**Competencia en comunicación lingüística:**
O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral.
A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**
Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.
As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

**Competencia dixital**
A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

**Competencia para aprender a aprender**
A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e as estratexias que os fan máis eficaces.
Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

**Competencias sociais e cívicas**
As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de rasgos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma, a súa identidade cultural.
Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferencias culturais e de comportamento, ás diferentes linguas, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender

e apreciar tanto os rasgos de identidade como as diferenzas.

**Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor**
As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran acotío a outras persoas, esta competencia obriga a dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espíritu emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, por tanto, poder reelaborar os plantexamentos previos ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

**Conciencia e expresións culturais**
A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural.Trátase, por tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

### 3.3.2. RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

Esta rúbrica permítenos avaliar o grado de adquisición das Competencias clave indicando o nivel de cualificación que vai adquirindo o alumno.
As Competencia claves desglósanse en indicadores. Á hora de avaliar coas rúbricas, débese calificar, en primeiro lugar, cada un dos indicadores ou aqueles nos que se centre o profesor, obtendo así unha visión global da competencia para avaliala seguidamente.
No proceso de avaliación, identifícanse cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro é preciso ter a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior:
IN: Insuficiente para as cualificacións negativas
Para as cualificacións positivas:

***SU:Suficiente***
***BE: Ben***
***NT: Notable***
***SB: Sobresaliente***

A estes achegaráselles unha escala numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez; coas seguintes correspondencias:

***– Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.***
***– Suficiente: 5.***
***– Ben: 6.***
***– Notable: 7 ou 8.***
***– Sobresaliente: 9 ou 10.***

Para establecer os criterios de cualificación deben aplicarse estos niveis aos criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

### 3.3.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación permiten obter uns datos concretos e así avaliar aos alumnos/as. Os máis indicados son:

- Observación
- Proba escrita
- Proba oral
- Caderno de clase

Os indicadores nos que se desglosan as Competencias clave para este nivel na área de Primeira Lingua Estranxeira Inglés son os seguintes:

**1.Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

| Indicadores |
|---|
| CCL1. ESCOITAR |
| CCL1.1. Escoita e entende secuencias de instrucións ou direccións sinxelas, dadas polo profesorado ou un medio mecánico. |
| CCL1.2. Capta a esencia en varios textos orais en diferentes situacións de comunicación. |
| CCL1.3. Identifica informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación. |
| CCL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual. |
| CCL1.5. Escoita e discrimina sons. |
| CCL2. FALAR |
| CCL2.1. Fai un uso axeitado da pronuncia, ritmo, entoación e acentuación en diferentes contextos. |
| CCL2.2. Participa en representacións sinxelas. |
| CCL2.3. Pode organizar as súas breves declaracións, dicindo ou lendo en voz alta para a clase de textos curtos de realización propia. |
| CCL3. CONVERSAR |
| CCL3.1. Usa estructuras básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |
| CCL3.2. Mantén conversacións familiares diarias sobre temas familiares en situacións de comunicación predecibles. |
| CCL4. LER |
| CCL4.1. Capta a esencia de textos simples. |
| CCL4.2. Realiza inferencias directas na comprensión de textos diversos sobre temas de interese. |
| CCL4.3. Le textos diversos sobre temas de interese. |
| CCL5. ESCRIBIR |
| CCL5.1. Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente. |
| CCL5.2. Elabora textos escritos atendendo ao destinatario e á finalidade do texto. |

**2. Competencia matemática, científica e tecnolóxica (CMCT)**

| Indicadores |
|---|
| CMCT1. Ordea os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación. |
| CMCT2. Representa os datos obtidos sobre feitos e obxectos da vida cotiá, empregando os gráficos estatísticos máis axeitados á situación, táboa ou gráfica. |
| CMCT3. Relaciona determinadas práticas de vida co axeitado funcionamento do corpo. |
| CMCT4. Identifica diferentes especies de seres vivos. |
| CMCT5. Recoñece o proceso da experimentación científica. |

**3. Competencia dixital (CD)**

| Indicadores |
|---|
| CD1. Busca, recopila e organiza información en soporte dixital. |
| CD2.Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación para contrastar e comprobar información. |
| CD3. Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira. |

**4. Aprender a aprender (CAA)**

| Indicadores |
|---|
| CAA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como utilizar diccionarios bilingües e monolingües. |
| CAA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para resolver problemas de comunicación. |
| CAA3. Valora a lingua estranxeira como ferramenta de aprendizaxe. |

**5. Competencias sociais e cívicas (CSC)**

| Indicadores |
|---|
| CSC1. Participa en interacións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles. |
| CSC2. Respecta as normas básicas de intercambio, escoitando e mirando a quen fala e respectando o turno de palabra. |
| CSC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara ás persoas que falan a lingua estranxeira. |
| CSC4. Identifica algunhas costumes de países onde se fala a lingua estranxeira. |

**6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

| Indicadores |
|---|
| CSIEE1. Busca, recopila e organiza información en diferentes soportes. |
| CSIEE2. Disfruta de forma autónoma da lectura de textos axeitados á súa idade, manifestando unha actitude positiva cara á lectura. |
| CSIEE3. Emprega estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado. |

**7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

| Indicadores |
|---|
| CCEC1. Mostra curiosidade e interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira. |
| CCEC2. Identifica algunhas tradicións de países onde se fala a lingua estranxeira. |
| CCEC3. Utiliza técnicas artísticas para a presentación de proxectos ou documentos artísticos. |
| CCEC4. Participa na elaboración de composicións grupais, empregando diferentes recursos expresivos musicais e/ou escénicos. |

### 3.4. CONTIDOS

Os contidos que conforman esta materia e este nivel agrupanse en: Comprensión e Produción de textos orais e escritos. Estes catro bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos (a linguaxe oral e a linguaxe escrita), recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Estratexias de comprensión:

Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.

Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.

Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).

Formulación de hipótese sobre contido e contexto.

Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.

Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación

adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.

**Bloque 2. Produción de textos orais**

B2.1. Estratexias de produción:

Planificación

Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas

principais e a súa estrutura básica.

Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso.

Execución

Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.

Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.

Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.).

Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais.

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:

Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.

Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.

Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).

Formulación de hipótese sobre contido e contexto.

Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.

Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

B3.3. Funcións comunicativas:

Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.

Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.

Narración de feitos pasados remotos e recentes.

Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.

Establecemento e mantemento da comunicación.

B3.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía.

**Bloque 4. Produción de textos escritos**

B4.1 Estratexias de produción:

Planificación:

Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.).

Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.).

Execución:

Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.

Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.

Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.).

▪ B4.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía.

**Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna.

B5.2 Funcións comunicativas:

Saúdos e presentacións, desculpas,agradecementos, invitacións.

Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou

desacordo, o sentimento, a intención.

Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.

Narración de feitos pasados remotos e recentes.

Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.

Establecemento e mantemento da comunicación.

B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because); finalidade (to- infinitive, e. g. I did it to help her); comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest).

Relaciones temporais (when; before; after).

Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)).

Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!).

Negación (negative sentences with not, never, non (Adj.), nobody, nothing; Non (+ negative tag)).

Interrogación (Wh- questions; Aux. questions).

Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will).

Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start –ing); terminativo (finish –ing).

Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will).

Expresión da existencia (there is/ are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.).

Expresión da cantidade (singular/ plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough).

Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position..)

## 3.5. METODOLOXÍA

### 3.5.1. METODOLOXÍA XERAL

As bases metodolóxicas son as seguintes:

- O punto de partida da aprendizaxe do alumnado son os coñecementos previos; centrándonos no que lle resulta familiar e cercano ao alumnado pero cunha vertente de imaxinación. Desta forma, foméntase un uso contextualizado da lingua, traballando situacións comunicativas que permitan empregala dunha maneira real e motivadora. Os/as alumnos/as poden transferir conceptos e estratexias adquiridas para construir así significados e atribuir sentido ao que aprende. Así favorécese seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.
- A aprendizaxe competencial pretende que cada alumn@ esté preparado para poder afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito, é dicir, non so adquirir uns coñecementos, tamén ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos.

- As situacións comunicativas que inclúen o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe. A realización de tarefas conxuntas, axudan, por unha parte, a asentar as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, e tamén á súa socialización.

- As distintas formas e ritmos de aprendizaxe do alumnado. Ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos. Traballar actividades de ampliación, para @s máis avanzados, e de reforzo, para os que podan precisalas.

- A aprendizaxe d@s nen@s é maior e de máis calidade se se basea na actividade se @ alumn@ é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa @ alumn@ debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao/á individu@ na interacción c@s demais, avaliar o que fan @s nen@s, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para @ alumn@, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro. Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.

- A avaliación do proceso individual e grupal do alumnado na aprendizaxe para asegurar a calidade do mesmo.

- A aprendizaxe globalizada xenera o desenvolvemento da realidade como un todo. É importante que as actividades que leven a cabo na área de lingua estranxeira estén interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento de si mes@ e cunha exploración do mundo que lles rodea.

- Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia. Con todo o que o alumnado aprende nas diferentes materias  constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, e debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.

- Por iso, as Competencias clave poden alcanzarse se non en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar ditas competencias, independentemente de en cales as puido adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

- Coordinación entre o profesorado das linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais. Desta forma, evítase a repetición de contidos propios de aprendizaxes de calquera lingua, tales como as estratexias de lectura, o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía.

- O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e as ambiental/is.

- O ensino da Lingua Estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

a. Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súa experiencia.

b. Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

c. Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.

d. Ler de forma comprensiva textos diversos, relacionados coas súas experiencias e intereses, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.

e. Aprender a utilizar con progresiva autonomía todos os medios ao seu alcance, incluídas as novas tecnoloxías, para obter información e para comunicarse na lingua estranxeira.

f. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas

diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
g. Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

h. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.

i. Identificar aspectos fonéticos de ritmo, acentuación e entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

### 3.5.2. METODOLOXÍA ESPECÍFICA

O traballo da Lingua Inglesa desenvolverase fundamentalmente na **Aula Virtual do CEIP de Arzúa** (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/aulavirtual/) (6ºCurso, Lingua Inglesa) así como na plataforma virtual **E-Dixgal** e no caderno de traballo con fichas facilitado pola profesora.
O traballo na Aula Virtual está estructurado en torno a situacións comunicativas (*Self introduction, At the shop, At the restaurant, In town, At the doctor, etc.*), así como dos contidos gramaticais precisos neste curso.
Nas unidades deste nivel incluimos:

- Presentación do vocabulario e estructuras usadas nese contexto.
- Videos que introducen o vocabulario e estructuras.
- Resumos das estruturas gramaticais traballadas na unidade.
- HELP-Videos (en español e inglés) explicativos das estruturas gramaticais (subidos especificamente para a modalidade non presencial)
- Videos con diálogos en contextos reais e repaso de vocabulario e estructuras usadas en clase.
- LIVE worksheets (fichas que, unha vez feitas, a propia aplicación envía á profesora, facilitando o seguimento do traballo feito polo alumnado na modalidade presencial, non presencial ou mixta).
- Fichas para imprimir, no caso da modalidade presencial.
- Xogos, contos, cancións e debuxos animados con subtítulos en inglés: “Horrid Henry” “Wallace & Grommit”, etc (onde @s nen@s poden practicar a escoita e comprensión oral e escrita na lingua estranxeira).
- Tarefas globalizadas ou Proxectos (In the Kitchen, Master Chef Junior, Graduation Book, etc) relacionados coas situacións comunicativas traballadas que requiren a posta en practica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didactico, actividades que favorezen a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigacion mediante proxectos de traballo.

  Un exemplo de proxecto sería “Master Chef Junior”, realizado no curso pasado, onde o alumnado tivo que elaborar unha receita de cociña, facer unha lista coa compra dos ingredientes precisos, mercalos e cociñar a receita para a súa familia, gravando un video de todo o proceso. Finalmente, recolleronse os resultados de todo o grupo nun libro dixital de “Master Chef Junior”. “Graduation Book” será un dos proxectos deste ultimo ano, onde o alumnado gravará videos falando de si mesm@s, dos seus intereses, hobbies, habilidades, lembranzas, proxectos de futuro,

etc.

- Tamén dispoñemos dos enlaces ás reválidas de 6º dos últimos anos para practicar con estas probas a competencia lingüística na maioría das súas formas: comprensión oral, escrita e a expresión escrita.

O grupo de 6º está formado por 21 alumnas e alumnos que dispoñen de conexión a internet a través do ordenador portatil de E-Dixgal. Dado que na plataforma E-Dixgal poden levar o ordenador para as súas casas e traballar off line, non terán problema no caso de ter que permanecer na casa por razón de enfermidade.

A **comunicación coas familias e alumnado**, nesta area dispoñemos na **Aula Virtual** e na plataforma **E-Dixgal** da **AGENDA 2020/21**, onde semanalmente se explica o traballo que se está a realizar e os deberes a realizar esa semana, de xeito que calquera nen@ que deba permanecer na súa casa teñan unha guía de como traballar.

Facilitarase ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquera apoio que poidan precisar.

Tamén se crearán Listas de Difusión para comunicacións da profesora ás familias e onde a comunicación con cada familia será a nivel individual. A disponibilidade horaria para atención ás familias será a máxima posible, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares.

Por tanto, empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, baseándonos nunha perspectiva constructivista da aprendizaxe.

Tamén se leva a cabo o programa de enrequecemento curricular segundo o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades.

### 3.5.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Na aula traballarase fundamentalmente nun entorno dixital, Aula Virtual do CEIP de Arzúa e o libro dixital Netex Smart da plataforma E-Dixgal.. A lingua inglesa do terceiro ciclo traballa os contidos en diferentes situacións comunicativas, favorecendo sempre o diálogo e a interacción. Tamén se usarán libros de texto de apoio e variadas fichas de traballo impresas dende a rede, xogos de mesa, etc. Usaranse, asimesmo, diferentes contextos e situacións de aprendizaxe, de ser posible, como o patio escolar, a rúa, o campo, etc.

### 3.5.4.ACTIVIDADES

- Actividades de inicio da lección

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van a traballar ou de repasar os xa traballados. Esto adoita facerse a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte dixital, videos, material real, flashcards, posters, cancións, etc.

- Actividades de desenvolvemento da lección

As actividades de aprendizaxe están relacionadas cos seguintes ámbitos:
Expresións utilizadas nas diferentes situacións comunicativas.
Vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais. (Vocabulary).
Lectura e comprensión de textos (Reading).
Estruturas gramaticais (Grammar).
Sonidos estudados (Pronunciation).
Comprensión e a expresión oral da lingua en tódalas súas vertentes (Listening and Speaking).
Comprensión e a expresión escrita (Writing).

- Actividades de reforzo e ampliación

Na clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.
A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos @s alumn@s podan atopar algún que esté de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.
Algunhas actividades actúan como unha extensión para aquel@s alumn@s sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

- Actividades de desenvolvemento de Competencias clave

Algunhas actividades contribúen máis específicamente ao desenvolvemento dunha ou varias Competencias clave, entre as que se inclúen:
Brainstorming
Role-plays
Actividades interactivas
Actividades na pizarra dixital
Actividades en grupo
Interpretacións de datos, gráficas, etc.
Textos culturais, cancións, rimas, etc.
Actividades de avaliación
A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas do currículo.
As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:
Actividades de avaliación formativa, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades.

- Actividades de avaliación sumativa coa realización das diversas actividades de avaliación.
- Actividades de autoavaliación e autoestudo, nas que o alumnado iniciase en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas.
- Complementarias

Neste tipo de actividades incluiríanse: saídas culturais, asistencia a obras de teatro en inglés, conmemoración de festividades características da sociedade anglosaxona, etc.

### 3.5.5. ORGANIZACIÓN DE TEMPOS, AGRUPAMENTOS E ESPAZOS

O tempo, entendido como o dedicado ao ensino no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia.

O agrupamento do gran grupo será en forma de U para facilitar a comunicación entre o alumnado e profesorado. Tamén se traballará en grupos de 2, 3 e 4 persoas.

Os recursos cos que pode contar o profesorado e os posibles espazos nos que se poden desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe son, na actualidade, cada vez máis variados. A aula deixou de ser o único espazo no que se imparte a ensinanza dunha materia. Cada centro educativo conta cunha serie de recursos espaciais e materiais nos cales se da lugar aos distintos escenarios nos que se desenvolve a ensino da materia.

Máis alá dos recursos materiais e espaciais, cabe destacar a importancia dos procesos cognitivos que interveñen nas fases da aprendizaxe do alumnado e fan posible a incorporación dos coñecementos que se lle queren transmitir aos/ás alumnos/as, desde a atención necesaria para prepararse para recibir a información ata a memorización que permita acceder a esa información cando se precise. Algúns dos procesos que interveñen son:
- Identificación
- Entendemento
- Reflexión

…

### 3.5.5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

Resulta evidente que unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumn@s produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previas de cada un del@s, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións no ensino.
Por esta razón, en moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que tódol@s alumn@s podan alcanzar os obxectivos establecidos. Da mesma maneira, debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumn@s máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe levarse a cabo sempre nos dous sentidos. Por iso, constantemente se deberá atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversa. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer unhas actividades ou outras e deberán ser conscientes en todo momento desas diferenzas, á hora de avaliar,e tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais
As adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis persoalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora
- Enriquecemento curricular

- Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e material de ampliación adecuado ás necesidades deses alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades.
b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.
c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención, dentro das nosas posibilidades. Para alumn@s con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para alumn@s con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales.
Cando non bastan as adaptacións temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben as ofertas en espazos opcionais, ben actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

### 3.6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- ★ Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.
- ★ Fomentarase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.
- ★ Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- ★ Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o

respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- ★ Traballarase na prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
- ★ Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- ★ Promoverase o desenvolvemento sostible e o coidado do medio ambiente, traballaranse os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.
- ★ Desenvolverase e afianzarase o espírito emprendedor. Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun/ha mesm@ e o sentido crítico.
- ★ No ámbito da educación e da seguridade viaria promóveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

### 3.7. AVALIACIÓN

A aprendizaxe d@ alumn@ deben ser avaliados sistemática e periódicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridos como para introducir no proceso educativo cantos cambios sexan precisos se a situación o require cando as aprendizaxes dos alumnos non respondan ao que, a priori, se espera del@s.

Se partimos de que as Competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se @ alumn@ as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e nesas situación, o habitual é que @ alumn@ se sirva desa bagaxe acumulada pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

A avaliación por competencias permite avaliar tanto o logro dos obxectivos do curso, como o grado de adquisición das Competencias clave. Uns criterios están ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que queremos avaliar, hai varios tipos de avaliación:

A avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que tendemos a identificar coas finais de avaliación e de curso. Haberá outras avaliacións, como a inicial e a final e, sobre todo, a continua ou formativa, aquela

que se realiza ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino. Ao finalizar 6º de primaria deberá tamén demostrar o grado de adquisición das Competencias clave, así como o logro dos obxectivos da etapa.
O resultado das avaliacións individualizadas expresarase en niveis e constarán nun informe entregado ás familias ou titores e que terá carácter informativo e orientador. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe d@s alumn@s, polo que se non son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis adecuados para eles.

### 3.7.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Atendendo a diferentes criterios, o currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula.
No caso da avaliación formativa, serán a observación e seguemento sistemático d@ alumn@, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolve, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resúmenes, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.
Na avaliación sumativa, as probas escritas trimestrais. En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que podan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.
O currículo tamén establece uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe avaliables por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos da materia.
Respecto á avaliación por competencias, dado que son moi xenéricas, debemos concretalas moito máis e desglosalas para que nos sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, para o que temos os chamados indicadores.

### 3.7.2. RECURSOS DE AVALIACIÓN

#### 3.7.2.1. AVALIACIÓN INICIAL

Na área de Lingua Estranxeira, tratándose dunha materia de avaliación continua, é constante a revisión e a reciclaxe de vocabulario e expresións de alta frecuencia. O curso empeza sempre cunha unidade de repaso para actualizar o asimilado en cursos anteriores e aprovéitase para facer unha revisión e recuperar todo o necesario para afondar un pouco máis no coñecemento da lingua. Por medio de xogos e actividades lúdicas detéctanse os puntos febles, así como os alumnos e alumnas que precisan un traballo máis intenso. O caderno de clase, que volven a empregar, sirve de elemento de consulta para aqueles que necesitan apoio visual para revisar vocabulario ou estruturas traballadas no curso anterior.

Os resultados desta observación inicial determinarán as medidas a adoptar, en moitos casos é preciso preparar actividades de reforzo de grupo ou individuais, así como de extensión, pois o alumnado presenta distintos niveis.

O desexable é poder agrupar aos alumnos de xeito que poidan axudarse entre si e participar todos nas actividades cada un coas súas posibilidade**s.**

### 3.7.2.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o sexto curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira organízanse en cinco grandes bloques.
Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.

B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

Bloque 2. Producción de textos orais

B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.

B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.

B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.

B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os erros.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.

B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, ₤), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

Bloque 4. Produción de textos escritos

B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.

B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.

B4.8. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou

contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.

B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

### 3.7.2.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Os estándares de aprendizaxe organízanse en cinco grandes bloques: comprensión e produción de textos orais e escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

PLEB1.1.Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).

▪ PLEB1.2.Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).

▪ PLEB1.3.Entende o que se lle die n transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).

▪ PLEB1.4.Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).

▪ PLEB1.5.Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.

▪ PLEB1.6.Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.

PLEB1.7.Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).

**Bloque 2. Produción de textos orais**

PLEB2.1.Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión)usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLEB3.1.Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.

PLEB3.2.Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.

PLEB3.3.Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.

PLEB3.4.Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).

PLEB3.5.Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).

PLEB3.6.Emprega de forma axeitadaos signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, ₤).

**Bloque 4. Producción de textos escritos**

PLEB4.1.Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).

PLEB4.2.Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

PLEB5.1.Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.

PLEB5.2.Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).

PLEB5.3.Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).

PLEB5.4.Participa nunha entrevista, p.e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.

PLEB5.5.Compara aspectos lingüísticose culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

### 3.7.2.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Actividades obxectivas de avaliación de contidos: 30%
2. Actividades de avaliación de competencias: 30%
3. Observación directa: 20%
4. Actitude: 20%

**Criterios de promoción**

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

   A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

**Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado**

O seguemento e avaliación do alumnado na área de linguas estranxeiras, especialmente nos cursos inferiores, céntrase en grande medida na observación directa de competencias, actitudes e habilidades lingüísticas, sociais, extralingüísticas… Dadas as circunstancias de confinamento total o parcial do alumnado é imposíbel facer un seguemento fiábel destas competencias e, en base a isto, é imposíbel desglosar unha serie de estándares e criterios nos que se podan deitar unhas bases medianamente sólidas para levar a cabo unha avaliación integral.

Nestas condición a valoración dos estándares de aprendizaxe en base aos 5 bloques (comprensión e produción oral, comprensión e producción de textos escritos e coñecemento da lingua e conciencia intercultural) é, sinxelamente, no mellor dos casos una declaración de boas intención ben alonxada da realidade competencial do alumando.

Os criterios e estándares e indicadores escollidos para esta programación, deberían ser reducidos a súa mínima expresión e estar suxeitos as ordes que as autoridades competentes manifesten así como se fixo no 27 de abril do 2020 pola Dirección Xeral de Educación.

Partirase da base da redución aos estándares básicos, menos inxustos, excluintes e xenéricos cos que no mellor dos casos se podería tentar facer unha simulación de avaliación. Aínda así compre ter en conta que moitas das familias non foron quen de, ou non quixeron ou non puideron facer as tarefas asignadas… polo que nese aspecto, avaliar nestas condicións é unha inxustiza tanto para o alumnado como para o profesorado.

A priori, tomarase como referencia as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación partirá da seguinte premisas:

a) A cualificación das tarefas durante o período de confinamento total e/ou parcial poderá incrementar a cualificación final nun máximo dun punto,

tendo en conta o apartado 6.10 destas instrucións.

b) De ser o caso, terase en conta as cualificacións e notas tiradas da fase presencial do devandito trimestre.

c) A avaliación das actividades realizadas na fase non presencial só terá valor positivo para a cualificación do alumnado.

### 3.8. OBXECTIVOS MÍNIMOS

a/ Coñece o vocabulario básico traballado durante o curso oralmente e por escrito.

b/ É capaz de expresar información persoal, idade, nome, lugar de residencia, nacionalidade, etc.

c/ É capaz de describir persoas, animais, obxectos e lugares.

d/ É capaz de preguntar a outr@ sobre información persoal.

e/ Sabe expresar sentimientos moi básicos: alegría, tristeza.

f/ Comprende frases escritas simples da gramática traballada.

g/ Comprende oo esencial de historias e identifica aos persoaxes principais.

h/ É capaz de manter unha conversación sobre os temas traballados facendo uso do vocabulario e das estructuras aprendidas.

i/ Comprende o presente simple e o presente continuo.

j/ É capaz de comprender textos orais curtos e responder preguntas sobre eles.

k/ É capaz de ler textos curtos mostrando a súa comprensión dos mesmos.

l/ É capaz de escribir palabras e frases sinxelas.

**Programación Anual EDUCACIÓN FÍSICA**

Curso académico 2022-2023 Nivel: 6º

A continuación, procédese a detallar os aspectos puntuais sobre a área de Educación Física, seguindo o seguinte índice:


* **Obxectivos**
  1.1. Obxectivos xerais de etapa
  1.2. Obxectivos por bloques
  1.3. Obxectivos específicos
2. **Contidos**
3. **Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe**
4. **Competencias clave**
5. **Mínimos esixidos**
6. **Procedementos de avaliación**
7. **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación**
8. **Metodoloxía**
   8.1. Principios metodolóxicos
   8.2. Metodoloxía específica
9. **Atención á diversidade**
10. **Plans e proxectos**
11. **Elementos transversais**
12. **Actividades de recuperación e de reforzo**
13. **Actividades complementarias e extraescolares**
14. **Materiais e recursos**
15. **Procedemento para avaliar a programación**


## * OBXECTIVOS

Seguindo o establecido no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos son *"os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin".*

### *1.1. Obxectivos de etapa*

Dito Decreto establece 15 obxectivos para a etapa de Educación Primaria. A continuación descríbese o obxectivo que máis relación garda coa área de educación física e que será traballado en todas as unidades didácticas do curso:

**k)** *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social*.

### *1.2.Obxectivos por bloques*

1º BLOQUE. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1.Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.

B1.2. Adoptar actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica de conflitos na práctica de xogos e de actividades físicas.

B1.3. Adquirir confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.

B1.4. Desenvolver actitudes de aceptación e respecto cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.

B1.5. Integrar as novas tecnoloxías no proceso de ensinanza-aprendizaxe para obter información relacionada coa área.

B1.6. Participar en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.

B1.7. Usar correctamente os materiais e espazos na práctica da Educación física respectando as normas de seguridade sanitarias establecidas no protocolo Covid .

B1.8. Coidar o corpo e a consolidar os hábitos de hixiene corporal e sanitarios.

B1.9 Coñecer a normativa básica de circulación en rúas e estradas.

B1.10. Identificar e respectar os sinais básicos de tráfico.

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1. Aprender a valorar e aceptar a propia realidade corporal e a das demais persoas.

B2.2. Adquirir seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.

B2.3. Adquirir autonomía persoal.

## BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1. Adaptar a execución das habilidades motrices básicas e específicas a diferentes situacións de complexidade .
B3.2. Realizar de forma combinada desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.
B3.3. Adaptar as habilidades motrices a contornos de práctica non habituais en diversos medios: natural, acuático, neve… que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía.
B3.4. Mellorar o acondicionamento físico de forma xenérica orientado á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.
B3.5.Adquirir autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.
B3.6. Valorar o esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.
B3.7. Amosar unha disposición favorable a participar en actividades físicas diversas, esforzándose, e aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

## BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1.Explorar e tomar conciencia e gozar das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.
B4.2. Recoñecer e utilizar de xeito creativo as zonas corporais e os compoñentes do movemento expresivo.
B4.3. Expresar e comunicar sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.
B4.4. Executar bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Realizar danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.
B4.5. Compoñer e executar producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos… Elaborar bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.
B4.6.Desenvolver as habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e a condición física, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos…) para adaptalas ás necesidades do grupo.

## BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1. Lograr unha autonomía na hixiene corporal e adquirir hábitos posturais e alimentarios saudables
B5.2. Recoñecer os beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificar e rexeitar as prácticas pouco valorando o xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.
B5.3. Adquirir hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións

B5.4. Mellorar a condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.
B5.5. Recoñecer e aplicar as medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.
B5.6 Valorar a actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Desenvolver gusto e interese polo coidado do corpo.

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6..1 Utilizar de forma axeitada as estratexias básicas dos xogos: cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.
B6.2. Aceptar e respectar as normas, regras e persoas que participan no xogo.
B6.3. Recoñecer o xogo e o deporte como fenómeno social e cultural.
B6.4. Realizar xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades e de dificultade crecente respectando as normas de seguridade sanitaria establecidas no protocolo Covid .
B6.5. Coñecer, practicar e valorar os xogos e deportes tradicionais de Galicia e doutras culturas.
B6.6.Desenvolver as habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e a condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo para adaptalas ás necesidades do grupo.
B6.7. Iniciarse e participar nos xogos de orientación.
B6.8. Practicar de forma responsable as actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia.
B6.9. Coñecer, gozar, coidar e valorar a natureza.

## *1.3.Obxectivos específicos*

Dentro dos obxectivos do 6º nivel atópanse os obxectivos específicos que pretendemos alcanzar coa natación. Estes obxectivos poden enmarcarse no segundo bloque de contidos. Facemos unha división do alumnado en cinco niveis de dificultade, porque non todas as alumnas e alumnos parten do mesmo nivel de coñecemento e de adaptación ao medio.

**Primeiro nivel**

Neste nivel atópanse o alumnado que non saben nadar e que practicamente descoñecen o medio. Perséguese familiarizar ó alumnado coa auga, evitando reaccións negativas ante ó novo medio, así como unha aproximación á patada.

- Obxectivos xerais:
  - Familiarización coa auga.

- Coñecemento básico do medio.

➢ Obxectivos motrices:

- Que o alumnado sexa capaz de desprazarse na auga *(agarrado ao bordillo, suxeito a un pau, agarrado polo monitor...).*
- Que sexa capaz de entrar con naturalidade na auga.
- Que sexa capaz de saltar á auga dende as posicións de sentado e de pé.
- Inicio no pataleo.

➢ Obxectivos cognoscitivos:

* Coñecer as peculiaridades do novo medio (profundidade, orientación, movemento).

➢ Obxectivos afectivos:

- Que non se manifesten na nena e no neno reaccións negativas ou de temor que retrasen a aprendizaxe.
- Que o alumnado se divirta.

**Segundo nivel**

Unha vez que o alumnado perdeu o medo á auga, plantéxase o logro dunha flotación básica, unha respiración rudimentaria, a iniciación aos estiramentos e deslizamentos, un maior dominio da patada, unha iniciación no movemento dos brazos e un logro de autonomía co material auxiliar.

* Obxectivos xerais:

  * Flotación básica.
  - Respiración básica.
  - Deslizamentos e estiramentos.
  - Propulsión básica.
  - Autonomía co material auxiliar.

➢ Obxectivos motrices:

* Que a nena ou o neno sexa capaz de deslizarse (sen propulsión).

- Que a nena ou o neno sexa capaz de respirar (soplar aire dentro da auga). Dez veces.
- Que a nena ou neno sexa capaz de desprazarse pola piscina sen medo co material auxiliar, cambiando de dirección.

- Que o alumnado dispoña certo dominio da patada, desprazándose mediante a acción de pés, co material auxiliar.

➢ Obxectivos cognoscitivos:

* Que o alumnado saiba reter o aire baixo a auga.

- Que saiba relaxarse na auga.
- Que capte as nocións de estiramento e propulsión.

➢ Obxectivos afectivos:

* Que a nena ou o neno sinta pouco a pouco que vai dominando o medio.

- Que o neno/nena sinta a necesidade de axudar e ser axudado para aprender

máis (relación co outro).

**Terceiro nivel:**

* Obxectivos xerais:

* Creacións de sensacións específicas.
- Aprendizaxes específicos, característicos do alumnado.
- Flotación, deslizamento e respiración.
- Propulsión e zambullida.

➢ Obxectivos motrices:

* Que a nena ou neno sexa capaz de moverse na auga mediante accións de brazos e pernas sen exixencias no estilo (aproximadamente 10 metros).

- Que sexa capaz de realizar uns 10 metros con batido de pés croll, suxeitando a táboa coas mans.
- Que sexa capaz de tirarse na auga dende o bordillo da piscina.
- Que sexa capaz de realizar flotación voluntaria (supino e prono).

➢ Obxectivos cognoscitivos:

- Coñecer os efectos das accións de brazos e pernas sobre a auga.
- Coñecer o efecto da postura corporal no referente á flotación e ó deslizamento.
- Coñecer as formas de respiración (posición) ventral e dorsal.

➢ Obxectivos afectivos:

- Sentir a satisfacción do dominio do medio (ó dominar distintos desprazamentos) e ser capaz de desprazarse na auga con afectividade e seguridade.

A partir deste nivel considérase que o alumnado xa ten un dominio motor básico da natación e desexan perfeccionar os estilos.

**Cuarto nivel:**

Neste nivel plantexamos o reforzamento do estilo de croll e a aprendizaxe da costas, facendo un maior fincapé nas accións correctas de brazos e de pernas, así como na coordinación da respiración cos brazos.

* Obxectivos xerais:
- Aprendizaxe de dous estilos (crol e costas).
- Perfeccionamento da zambullida.

➢ Obxectivos motrices:
- Nadar 25 metros croll sacando os brazos estirados fóra da auga con batida de pés croll.
- Desprazarse 25 metros coordinando a batida de pés croll coa respiración lateral.
- Nadar polo menos 15 metros realizando punto morto de croll con táboa, coordinando a respiración lateral.
- Manter a posición de tendido supino ("morto boca arriba"), e tendido prono ("boca abaixo"), durante un tempo mínimo de 5 segundos.
- Tirarse de cabeza á auga dende o borde da piscina.
- Desprazarse 25 metros con batido pés costas (coa táboa no abdome).
- Desprazarse polo menos 15 metros, coa táboa no abdome, realizando pés, costas e movemento alternativo de brazos.

➢ Obxectivos cognoscitivos:
- Coñecemento profundo das condicións de flotación, técnica da inmersión e da propulsión.
- Coñecemento técnico dos estilos croll e costa, e coñecemento das accións de brazos e pernas.

➢ Obxectivos afectivos:
  * Sensación total de desenvolvemento no medio.

**Quinto nivel:**

Chegados a este nivel, buscamos o afianzamento definitivo dos estilos croll e costas, así como a introdución á braza.

* Obxectivo xeral:
- Perfeccionamento de dous estilos (croll e costas) e aprendizaxe da braza.

➢ Obxectivos motrices:
- Nadar 25 metros croll, coordinando adecuadamente o movemento da acción respiratoria co de brazos e pernas.
- Nadar 25 metros costas cos brazos alternados co ritmo, levando a respiración.

- Tirarse de cabeza (ben) con impulso.
- Desprazarse 25 metros, coa acción de brazos estilo braza (pull-boy nas pernas).
- Desprazarse 25 metros, coa acción de pernas estilo braza (táboa ou pull-boy nas mans).

➢ Obxectivos cognoscitivos:
  * Coñecemento da execución dos tres estilos.

➢ Obxectivos afectivos:
  * Sensación de total desenvolvemento na auga.

**<u>Sexto nivel:</u>**

*Plantexamento de total afianzamento de croll e costas e dominio de braza. Inicio de xiros e saídas*.

* Obxectivos xerais:
  - Afianzamento de croll e costas.
  - Dominio da braza.

➢ Obxectivos motrices:
- Nadar 50 metros croll coordinando movemento e acción respiratoria.
- Nadar 50 metros costas.
- Nadar 25 metros braza coordinando respiración con movemento de brazos e pernas.
- Realizar a viraxe de croll (americana).
- Realizar a viraxe de costas.

➢ Obxectivos cognoscitivos:
- Coñecemento da execución dos tres estilos.

➢ Obxectivos afectivos:
- Sentir a satisfacción do dominio dos tres estilos e as zambullidas.

## 1) CONTIDOS

O **Decreto 105/2014, do 4 de setembro** define os contidos como o “conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado”. **O currículo, no seu anexo II,** establece 6 bloques de contidos para a área de educación física. Esta agrupación non determina métodos concretos, senón que responde a una forma de organizar os contidos que deben ser abordados de forma enlazada atendendo á configuración cíclica da ensinanza da área, construíndo uns contidos sobre

outros. Os bloques de contidos que se traballarán nesta área serán os seguintes:

**Bloque 1. Contidos comúns:** *son de natureza transversal polo que se traballarán ao longo de todo o curso en combinación cos contidos do resto dos bloques. Abarca aspectos tales como os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e a relación co entorno, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo, aceptación das regras, actitudes, a confianza, iniciativa individual e hábitos de esforzo, así como o uso adecuado dos materiais e espazos ou as TIC.*

B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.
B1.2. Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.
B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.
B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información relacionada coa área.
B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física respectando as normas de seguridade sanitaria establecidas no protocolo Covid .
B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.
B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e persoas e ás persoas ciclistas.

**Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción:** *traballaranse capacidades perceptivas, representadas a través do esquema corporal, coñecemento do corpo e as súas posibilidades de movemento ou a organización e percepción espazo-temporal.*

B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.
B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.
B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.

**Bloque 3. Habilidades motrices:** *céntrase nos aspectos cuantitativos do*

*movemento, capacidades e habilidades motrices básicas, e a coordinación.*

B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.
B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.
B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.
B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.
B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.
B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.
B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.
B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

**Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas:** *abarca o uso do corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación. Engloba os bailes, o ritmo, as danzas e a expresión de emocións e sentimentos, imitacións, representacións e dramatizacións.*

B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.
B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo).
B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.
B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.
B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.
B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

**Bloque 5. Actividade física e saúde:** *engloba aqueles contidos relacionados*

*coa mellora da saúde e a calidade de vida. A hixiene (corporal e postural), a alimentación, a condición física orientada á saúde, así como a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.*

B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturales e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).
B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.
B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións**.**
B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.
B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.
B5.6 Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.

**Bloque 6. Os xogos e actividades deportivas:** *presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio (xogos populares e tradicionais galegos, o respecto ás normas e aos compañeiros/as, así como estratexias básicas do xogo relacionadas coa cooperación, oposición e cooperación-oposición).*

B6.1 Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.
B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.
B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.
B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.
B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.
B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.
B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.
B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia.

B6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.

## 2) CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

A avaliación é un elemento fundamental da práctica educativa. Permítenos recoller a información necesaria para poder valorar que obxectivos conséguense e cales non, onde, como, cando e porqué se producen problemas e erros e cal é o seu grao de profundidade De acordo coa Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade autónoma de Galicia, a avaliación será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.
Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os **criterios de avaliación** e os **estándares de aprendizaxe** avaliables.

### Criterios de avaliación

B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.
B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila , utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.
B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións

motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.
B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.
B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

**Estándares de aprendizaxe**

EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.
EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.
EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.
EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de

actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando correctamente os xestos e utilizado os segmentos dominantes e non dominantes.
EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.
EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.
EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.
EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.
EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.
EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.
EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.
EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.
EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).
EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias..
EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.
EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática valorando a súa forma preventiva.
EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.
EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.
EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade.
EFB5.3.1. Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.
EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.

EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras específicas destes.
EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.
EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.
EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.
EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.
EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

## 3) COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como aparece indicada na nova configuración do currículo, a cal está concretada no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** establécense a adquisición de determinadas competencias claves, as cales deben ser adquiridas polo alumnado. Segundo este decreto as competencias clave son *"capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".*

Coa entrada en vigor da **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro,** para a Mellora da Calidade Educativa, establécense 7 competencias clave, as cales son un elemento esencial no currículo, polo que a área de educación física contribuirá a consecución de estas. Ademais de estas 7 competencias clave, destacamos tamén a competencia motriz:

* No currículo de Educación Primaria **(Decreto 105/2014, de 4 de setembro),** no *Anexo II* menciona a **competencia motriz**, fundamental para o desenvolvemento das sete competencias clave.

**1.º Comunicación lingüística (CCL).**

A Educación Física desenvolve esta competencia dende varias perspectivas, grazas á variedade de intercambios que permite, a parte do vocabulario específico que a área aporta.

**2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**

En Educación Física, propíciase un campo de actividades variadas e diversas que permite o uso, o desenvolvemento, a mellora e a consolidación das habilidades matemáticas básicas, en situacións reais ou creadas : organiza e estrutura o espazo e o tempo, desenrola a lóxica e o razoamento nos xogos, etc…

**3.º Competencia dixital (CD).**

A saúde, a actividade física e o deporte xeran información que o alumno/a debe seleccionar, procesar e utilizar. A área de Educación Física contribúe a esta competencia dende varios puntos de vista:

* Ensina a buscar, seleccionar e analizar de xeito información relacionada coa saúde, o deporte e o exercicio físico.
- Fomenta progresivamente o espírito crítico ante determinadas informacións, e ensina a formar o propio criterio ante os sucesos relacionados co ámbito da actividade física e o deporte…etc

**4.º Aprender a aprender (CAA).**

Aprender a aprender significa desenrolar habilidades que posibiliten a adquisición de coñecementos tanto teóricos como prácticos:

* Fomenta a adquisición de coñecementos relacionados cunha vida san e hábitos saudables.
- Traballa a toma de conciencia das posibilidades e limitacións, o que permite a mellora persoal.
- Utiliza técnicas de aprendizaxe como a concentración, a memoria e a reflexión para adquirir novos coñecementos e experiencias relacionadas coa actividade física e o deporte.
- Ensina a autoavaliar as capacidades para tomar conciencia do propio estado de saúde, a adoptar certas normas de prevención de riscos na práctica de actividades deportivas.
- Desenrola o gusto por aprender novas habilidades e técnicas deportivas.
- Favorece estilos de vida activos, motivados por novos retos, actividades e aprendizaxes.

**5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).**

As características da Educación Física, especialmente no que se refire na dinámicas de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais.

**6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

A Educación física axuda á consecución desta competencia mellorando o coñecemento do corpo e do contorno, a percepción espacial e temporal, e incrementando o nivel de habilidades e capacidades e, en consecuencia a autonomía e a iniciativa persoal do alumno.

**7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

Contribúe á expresión de ideas ou sentimentos de forma creativa contribúe mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento. Á apreciación e comprensión do feito cultural, e á valoración da súa diversidade, faino mediante o recoñecemento e a apreciación das manifestacións culturais específicas da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como patrimonio dos pobos.

## 4) MÍNIMOS ESIXIDOS

1. Amosa actitudes de colaboración, tolerancia e respecto na resolución dos conflitos xurdidos na práctica dos xogos e da actividade física.

2. Implícase nas diferentes actividades motrices recoñecendo e aceptando as diferencias individuais

3. Acepta, valora e respecta a propia realidade corporal e a dos demais.

4. Reproduce corporalmente ou con instrumentos, estruturas rítmicas. Propón estructuras rítmicas sinxelas e reprodúceas corporalmente ou con instrumentos.

5. Utiliza os recursos expresivos do corpo e do movemento de forma creativa comunicando ideas, sentimentos e representando personaxes e historias reais ou imaxinarias.

6. Regula o seu esforzo de acordo coa natureza da tarefa que se realiza.

7. Desprazase e salta de forma diversa, variando puntos de apoio, amplitudes e frecuencias combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada, axustando os movementos corporais eficazmente aos cambios das condicións da actividade.

8. Xira sobre os eixos lonxitudinal e transversal, mantendo o equilibrio nas execucións e achegando respostas motrices acordes coas prácticas solicitadas.

9. Lanza, pasa e recibe pelotas ou outros móbiles con control, adecuando os movementos ás traxectorias.

10. Recoñece os efectos da actividade física, hixiene e alimentación sobre a saúde e mostra interese por adoptar hábitos de aseo e hixiene postural na práctica da actividade física e na súa vida diaria.

11. Participa en xogos e actividades físicas establecendo relacións equilibradas cos outros, evitando discriminación por características persoais, de xénero ou culturais.

12. Coñece e valora a diversidade de actividades físicas, lúdicas e predeportivas, así coma os ámbitos nos que se desenvolven.

13. Resolve problemas motores de xeito eficaz nas actividades físicas, lúdicas, predeportivas, artísticas e nos predeportes.

14. Coñece, indaga e practica xogos e deportes tradicionais propios da zona.

15. Coñece, respecta e aplica as regras e principios de acción propios dos xogos e das actividades deportivas.

16. Entrega e presenta os traballos indicados no prazo correspondente atendendo ás pautas proporcionadas.

***17.*** Asiste coa roupa axeitada ás clases de EF *(roupa deportiva e zapatillas deportivas).*

## 5) PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación entendese como unha fase máis do propio proceso de ensino aprendizaxe, polo que potenciaremos o seu carácter pedagóxico (elemento de mellora). A pesar de que a avaliación é un proceso continuo, distinguimos tres momentos:

**Avaliación inicial ou de diagnóstico:** esta avaliación realizarémola na UD 1 con un xogo de preguntas que engloben diferentes vertentes, para comprobar como se manexa o alumnado, así como unha serie de probas prácticas, para comprobar os seus valores de destreza, habilidade, cooperación, forza e velocidade. Ao comezo de cada U. D. é importante recoller información sobre o estado en que se atopan os nosos alumnos/as respecto aos novos contidos a desenvolver. En todas as unidades, a primeira sesión será ordinaria, pero facendo especial fincapé en tomar rexistros.

**Avaliación continua ou formativa:** Ao longo da unidade, analizaremos as incidencias, se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é axustada, o enfoque metodolóxico, as actividades atractivas ou eficaces, realizando os axustes necesarios.

**Avaliación final ou sumativa:** Ao final da U. D., é preciso obter información

sobre o grao de aprendizaxe dos contidos e resultados acadados polo alumnado, tendo en conta os criterios de avaliación de nivel, rexistros anecdóticos e probas orais.

## 6) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Intentaremos obter a maior cantidade de información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que utilizaremos varios instrumentos de avaliación.
A **avaliación do alumnado** realizarase mediante:

* **Observación diaria:** rexistraremos o que sucede nas sesións de forma sistemática. Para iso contamos en cada U.D. con **rúbricas** coas que se avaliarán os distintos estándares de aprendizaxe, valorado cun **40%.** Tamén utilizaremos unha **escala de observación** e **rexistro anecdótico**, para valorar o comportamento, participación e actitudes, cun **40%.**

1) **Probas orais e escritas:** A proba escrita realizarase a través dun **cuestionario (10%),** o cal será a través de preguntas tipo test, múltiple elección ou resposta corta. A proba oral será a través de **exposición oral u/ou traballo escrito**, valorada nun **10%,** a través dunha **escala de observación.**

| **AVALIACIÓN** | | |
|---|---|---|
| **Tipo de avaliación** | **Criterio** | **Instrumento** |
| **Observación directa** | Aspecto psicomotor | *Rúbrica* |
| | Comportamento, participación e actitudes | *Escala de observación* |
| **Probas orais e escritas** | Aspecto conceptual | *Cuestionario* |
| | Exposición oral u/ou traballo escrito | *Escala de observación* |

Na **avaliación docente**, somos conscientes de que **debemos reflexionar** sobre a nosa propia actuación, coa intención de mellorala. Realizarase unha **análise**

**exhaustiva do proceso de ensino-aprendizaxe e da propia programación, a través de auto avaliación e avaliación docente.**
Seguirase a **Orde do 9 de xuño de 2016**, que regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se estipulan os resultados en: insuficiente (1, 2, 3 ou 4), suficiente (5), ben (6), notable (7 ou 8) e sobresaínte (9 ou 10).

## 7) METODOLOXÍA

Cando falamos de **metodoloxía,** referímonos ao como ensinar, segundo nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** a metodoloxía é o *"conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar as aprendizaxes do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados".*
A metodoloxía didáctica será **comunicativa**, **inclusiva**, **activa** e **participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
A metodoloxía ha de ser adecuada ao desenvolvemento do neno-a e aos principios educativos que postulan a actividade como medio para chegar ao coñecemento das cousas.
A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.
O mestre desenrolará unha función dinamizadora e integradora. Na organización da clase deberá evitar os tempos mortos e de espera, controlar os tempos de recuperación variando a actividade, é ter en conta factores como o lugar( ximnasio, aire libre, aula...), o momento (estación, hora..), a composición do grupo ( número, idade e sexo) e a selección das actividades e material.
Traballaremos sempre que poidamos en parellas ou pequenos grupos, para fomentar as diferentes relacións interpersoais. As **familias** serán imprescindibles no proceso de ensino-aprendizaxe. As sesións terán un **carácter lúdico e global**, para desta forma facilitar a adquisición dos diferentes contidos.

Tanto o método como o estilo de aprendizaxe está en función do que pretendamos conseguir; polo tanto, primeiro veremos o que pretendemos e logo utilizaremos o método axeitado para conseguilo.

Nesta programación utilizaremos o **xogo coma recurso metodolóxico,** xa que contribúe á consecución de aprendizaxes significativas, naturais, creativas, coeducativas, adaptativas, integrais...

Ademais, permítenos traballar case calquera tipo de contido e sempre con garantías de éxito. Ten un indiscutible valor educativo, imprescindible para un correcto desenvolvemento físico, psíquico, social, afectivo, simbólico e moral.

### *5.1.Principios metodolóxicos*

Tal e como nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** débense de ter en conta unha serie de **orientacións ou principios metodolóxicos** na educación primaria, á hora de impartir diferentes contidos na aula.

A metodoloxía utilizada nas sesións será

* **Globalizadora**

- **Flexible**: que permita axustar as propostas ao ritmo de cada alumno,
- **Participativa**: favorecerá o traballo en quipo fomentando o compañeirismo e a cooperación,
- **Lúdica:** o alumno debe divertirse facendo Educación Física,
- **Activa:** o alumno é o protagonista da súa propia acción,
- **Indutiva:** favorecerá o autoaprendizaxe de xeito que o neno sexa capaz de resolver problemas motrices,
- **Creativa:** as propostas estimularán a creatividade do alumno.

Ase mesmo deberá fomentar nos nenos/as a exploración, o descubrimento, a creatividade, e sobre todo a valoración das propias posibilidades; todo isto, a través do xogo.

Os **contidos** seleccionados deben de levarnos á consecución das competencias clave da etapa. A base da nosa docencia será o **traballo cooperativo**, o cal nos axudará a potenciar todo aquela inclusión localizada na aula.

### *5.2.Metodoloxía específica*

En canto aos **estilos ou métodos de ensino**, sinalar que utilizaremos os máis axeitados para cada situación; tendo en conta as características do alumnado, instalacións, materiais, obxectivos e contidos. Son os seguintes:

* **Mando directo modificado**: o docente é o encargado de levar o peso da clase. Nas tarefas de quecemento, e tamén nas partes finais de estiramentos.

- **Asignación de tarefas:** segue sendo o docente o encargado de marcar o inicio e o final da actividade, pero é o alumnado o que decide o número de repeticións que realiza, o ritmo e similares. Utilizarémolo nas sesións que involucremos o traballo en circuítos, etc.

- **Descubrimento guiado:** será o profesor o encargado de propoñer a actividade, pero será o alumno/ao/a que se dispoña a atopar a solución.

- **Resolución de problemas:** no mesmo caso que no anterior, pero cando haxa máis de unha resposta posible.

- **Ensinanza recíproca:** Por parellas un alumno/a pasa a ser o observador e corrector do outro. O docente decide as tarefas que se van realizar e os criterios de observación e corrección.

- **Creatividade ou método de libre exploración**.

- **Programas individuais**.

Dependendo do obxectivo que pretendamos acadar vanse utilizar os seguintes **métodos**:

* **Conducido:** máxima intervención do mestre utilizando a repetición e a demostración, cun estilo de aprendizaxe de mando directo.

- **Semiconducido:** Intervención media do mestre; é un aprendizaxe polo descubrimento guiado.
- **Non conducido**: mínima intervención do mestre; e un aprendizaxe mediante a busca, cunha grande importancia da creatividade do neno/a.

As **canles** que utilizaremos para transmitirlle a información ao alumnado serán:

- **Canle visual:** transmitirase a información a través da axuda visual. Utilizando vídeos, na explicación de distintos aspectos técnicos e tácticos.

- **Canle auditivo:** a través de explicacións, na meirande parte das explicacións.
- **Canle kinestésico-táctil:** axuda nas diferentes execucións, na fase de volta á calma, coa correccións de posturas incorrectas.

No referente ás **estratexias**, serán fundamentalmente globais, xa que se busca o desenvolvemento integral do alumnado.

Favoreceremos os **agrupamentos** en pequenos grupos, para a mellora comunicativa, ademais de agrupamentos en parellas e masivos, aínda que os utilizaremos case todos en función das necesidades da actividade a realizar.

## 8) ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta programación está deseñada e orientada para dar solución a un grupo de alumnos, que de maneira directa ou indirecta, é un grupo con multitude de diferenzas entre si.

Coa sutil intención de dar maiores facilidades ao alumnado, axustarase a axuda pedagóxica ás súas necesidades. Tentarei que entre algunhas desas facilidades, predominen a facilitación de recursos e estratexias diversas, os cales e as cales serán necesarios para dotar ao alumnado dunha mellor resposta ante a gran cantidade de motivacións, intereses, carencias e capacidades que presentan os alumnos nesta franxa de idade.

Tal e como nos indica o **artigo 16** do **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, defínese NEAE como: "alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais; por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais; por incorporarse tarde ao sistema educativo; por condicións persoais ou de historia escolar".

Segundo o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro,** polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, como docentes debemos ser capaces de identificar con moita brevidade

estes casos.

Polo tanto, teremos en conta as **medidas de atención á diversidade** que aparecen recollidas na **Orde do 6 de Outubro de 1995**, pola que se regulan as adaptacións do currículo, establecéndose as seguintes: **Reforzo Educativo ou Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.)**, nos casos que fosen necesarios.

Durante o transcurso do ano académico, poden xurdir **patoloxías temporais** como (escordadura, fractura, cambra, distensión muscular ou articular, feridas, etc.) que impiden a realización de actividade física durante algunhas sesións. Durante este tempo o alumnado que as padeza realizará algunhas das seguintes tarefas de maneira escrita ou no portátil do centro:

- Recompilar información en internet, sobre a U.D. que se leva a cabo nese momento.
- Completar modelos de sesión coas actividades realizadas polos compañeiros/ás.
- Colaborar nos aspectos organizativos da sesión. Por exemplo: marcando ritmos, controlando tempos, levando conta dos tanteos…

**Diversidade e concreción dos casos:** En todos os casos o alumno terá que permanecer na instalación deportiva co calzado e material deportivo adecuado, salvo casos moi concretos, os cales estean xustificados.

## 9) PLANS E PROXECTOS

Nesta programación incluiremos varios plans de centro, así como proxectos, seguindo a **LOMCE** e o actual currículo da Comunidade Autónoma de Galicia **(Decreto 105/2014, do 4 de setembro):**

**Plan Lector:** Dende E.F. contribuírase ao principal obxectivo do proxecto lector, ao fomento do gusto pola lectura e á comprensión lectora a través de calquera actividade que desenvolva a expresión oral, a lectura ou a escritura, por exemplo:

-Lecturas comprensivas e críticas (prensa deportiva)

-Recompilación de xogos tradicionais, populares ou da zona.

- Debates, charlas sobre xogo limpo, consumismo, alimentación

- Utilización do diálogo na comunicación e resolución de conflitos

**Proxecto Lingüístico :** Segundo o PLC a lingua galega ten un predominio claro no centro, polo cal intentaremos conseguir un aprecio pola mesma e polo tanto potenciar o seu uso. Tendo en conta a lexislación vixente a lingua vehicular en E.F. será o galego, asemade respectaremos as producións do alumnado tanto sexan feitas nunha ou outra lingua. O respecto por ambas linguas levaranos a interiorizar a importancia que ten o dominio das mesmas para poder empregalas sen ningunha traba en calquera circunstancia.

**Plan Tic:** segundo nos indica o **D. 105/2014, do 4 de setembro,** a adquisición da Competencia Dixital é sumamente importante. Seguindo o establecido no plan de integración das TIC, fomentaremos o seu uso dende a E.F. mediante:

-Utilización de aplicacións informáticas tipo Lim, Clic

-Utilización de medios informáticos, pizarras dixitais, cámaras,etc.

-Analise das propias execucións.

-Participación en programas e xogos interactivos da Educación Física.

**Plan de atención á diversidade:** recolleranse todas as actuacións relacionadas co alumnado con NEAE.

**Plan de acción titorial:** abordaremos todas as actuacións referidas a atención do alumnado. Será levado a cabo polo titor.

**Plan de convivencia:** realizaranse xogos de carácter cooperativo, especialmente na UD 1, a cal irá orientada a xogos de presentación.

## 10) ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O **actual currículo da Educación Primaria** indica unha serie de elementos transversais no seu **artigo 11**, os cales debemos de traballar ao longo do curso. Anteriormente, na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación** eran denominados como “Educación en Valores”. Os elementos transversais deben ser traballados en todas as áreas, e nós dende a área de Educación Física farémolo da seguinte maneira:

**Calidade, equidade e inclusión educativa.** Especial énfase no alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe. **Prevención e resolución pacífica de conflitos.** Integraremos o respecto polos valores máis importantes da nosa sociedade. Aproveitaremos o Día Escolar da non Violencia e a Paz. **Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual.** A través do traballo en grupos mixtos traballaremos este elemento transversal. Aproveitaremos a conmemoración do Día Internacional da violencia de xénero. **Desenvolvemento do espírito emprendedor e iniciativa empresarial.** Este elemento transversal traballarémolo dende as actividades que impliquen estilos pouco directivos. **Desenvolvemento sostible e medio ambiente.** Na área de Educación Física promoveranse actividades que axuden a coñecer, gozar, respectar e coidar o contorno. Fomentárase a convivencia cos demais e o respecto polos valores máis importantes da nosa sociedade.

O xogo, deportes e actividades físicas propician situación de tensión, enfrontamento, rivalidade, etc, que é necesario resolver cunha **actitude de diálogo**. Potenciaremos actitudes de convivencia, respecto, solidariedade e participación.

Aproveitaremos as conmemoracións do Día Mundial do Ambiente, inculcando a importancia de manter limpo o entorno que nos rodea.

## 12) ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

En canto os mecanismos de recuperación, o alumnado que non acade os mínimos poderá repetir a proba conceptual e valoraranse as probas prácticas (relacionadas coa evolución motriz) en posteriores unidades didácticas dado o carácter continuo da avaliación.

## 13) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realizaranse actividades complementarias dentro do horario lectivo como obradoiros, talleres...etc, organizadas polas dúas Anpas do Centro así como polos distintos organismos ( Concello, Consellerías...).
Tendo en conta a situación favorable da pandemia programaranse posibles saídas relacionadas coa área de Educación Física (rutas de sendeirismo, excursión á neve...) tanto dentro como fóra do concello ou comunidade, seguindo as instrucións conxuntas de Educación e Sanidade. Organizaranse tendo en conta o principio de flexibilidade da programación así como o carácter aberto da mesma á modificación. Informarase ao Equipo Directivo e á coordinadora de Actividades extraescolares e complementarias.
Asistiremos a 11 sesións de natación na piscina municipal dentro do horario adaptado de Educación Física. Esta actividade será proposta para ser recollida na PXA.
Celebraranse as conmemoracións marcadas no calendario escolar para o curso 2022/2023, DOG nº 105 (xoves 2 de xuño de 2022), propostas polo Equipo de Actividades Extraescolares do Centro .

## 14) MATERIAIS E RECURSOS

O/A mestre/a de Educación Física é o/a encargado/a de planificar o uso do material que se atope no Centro onde se imparten as clases, e da súa conservación e adquisición.
A Educación Física non está necesariamente supeditada a materiais específicos( bancos, pelotas, aros) senón que é importante utilizar materiais polivalentes (globos, cordas, indiacas....) e material diverso (cartón, papel de periódico, botellas de plástico, cintas...) e sacar de todos eles as súas posibilidades de

utilización para alcanzar os obxectivos didácticos máis axeitados a cada material.

Tanto a seguridade como a hixiene son fundamentais na organización da clase, na utilización dos materiais e nas instalación do Centro.

En canto aos recursos para desenrolar as unidades didácticas utilizaranse:

* **Recursos persoais**: o profesor de Educación Física impartirá a súa materia en colaboración con tódolos membros da comunidade educativa: alumnado, profesor titor, Claustro......
- **Recursos ambientais**:
  * pistas polideportivas (cuberta e ao aire libre),
  - ximnasio,
  - aula de psicomotricidade,
  - instalacións municipais anexas (pistas de atletismo, campo de fútbol e piscina)...

Dada a situación epidemiolóxica favorable que se está a vivir e tendo en conta as instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade, utilizarase preferentemente a pista polideportiva e a pista semicuberta sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, en caso contrario empregaremos o ximnasio situado no edificio anexo do Centro. Éste conta con pouca ventilación, moita humidade e carece de calefacción. Trátase dunha aula de uso compartido polos diferentes grupos de Primaria. Resulta ser un espazo pequeno.

- **Recursos didácticos**:
  * Caderno de fichas de xogos de E.F.
  - Recursos informáticos: Procesadores de texto, programas educativos (tipo clic e lim) e páxinas web
- **Recursos materiais**:
  * Ximnásticos deportivos: Porterías, miniporterías, redes, canastras, espaldeira, bancos suecos, plinto, potro…
    - Pequeno material: Balóns de baloncesto, fútbol, vóley, balonmán, pelotas de tenis, raquetas, aros…
    * Outro material: Discos voadores, panos, goma elástica, teas, petos

## 15) PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

A avaliación desta programación levarase a cabo a través de diversos procedementos, como son por exemplo, a comprobación da adecuación da mesma ás características psicoevolutivas do alumnado mediante probas orais, onde se observará o tanto por cento do alumnado que acada ampliamente os obxectivos marcados, o que os acada lixeiramente e o que non os acada, de maneira que se fagan as modificacións oportunas para adecualos ás súas características e necesidades.

Así mesmo avaliarase a metodoloxía empregada observando no desenvolvemento das actividades propostas a implicación por parte do alumnado de xeito que se modifiquen no que sexa preciso para facelas máis dinámicas e motivadoras, acercándoas ás características da nosa sociedade.

Ademais teranse en consideración os seguintes puntos:

* Desenvolvemento na clase da programación.
  - Relación entre obxectivos e contidos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
  - Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
  - Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

# PROGRAMACIÓN MÚSICA

# 6º PRIMARIA

## 1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN ARTÍSTICA

- Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
- Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas.
- Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de
- representación e de comunicación e utilizalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.
- Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.
- Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.
- Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.
- Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.

- Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son,e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.
- Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
- Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
- Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.
- Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.
- Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e desfrutando como público na observación e recreación das súas propias producións.
- Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

**2. ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL: ESTÁNDARES, REQUISITOS MÍNIMOS E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

| NIVEL | 6º Primaria | | | | MATERIA | MÚSICA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Criterio de aviación** | **Estándares** | **T1** | **T2** | **T3** | **Gran mínimo para superar a área**<br>Indicador mínimo de logro | **C.C** |
| **Bloque 1: Escoita** | | | | | | |
| EM-B1.1 | 6º-EMB1.1.1 - Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| EM-B1.2 | 6º-EMB1.2.1 - Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| EM-B1.2 | 6º-EMB1.2.2 - Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | CSIEE<br>CAA<br>CCEC |
| EM-B1.3 | 6º-EMB1.3.1 - Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | CSC<br>CCEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B1.3 | 6º-EMB1.3.2 - Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.<br><br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | CSC<br>CCEC |
| **Bloque 2: Interpretación musical** | | | | | | |
| EM-B2.1 | 6º-EMB2.1.1 - Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. | CCEC CAA CCL |
| EM-B2.2 | 6º-EMB2.2.1 - Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. | 6º-EMB2.2.1 - Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.<br>Peso: 4.17% |
| EM-B2.2 | 6º-EMB2.2.2 - Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | 6º-EMB2.2.2 - Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.<br>Peso: 4.17% |
| EM-B2.2 | 6º-EMB2.2.3 - Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | CCEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B2.2 | 6º-EMB2.2.4 - Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento | CAA<br>CCEC |
| EM-B2.2 | 6º-EMB2.2.6 - Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | CSC |
| EM-B2.2 | 6º-EMB2.2.7 - Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | CAA |
| EM-B2.3 | 6º-EMB2.3.1 - Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. | CCEC<br>CAA<br>CD |
| EM-B2.3 | 6º-EMB2.3.2 - Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. | CAA<br>CD<br>CCL |
| EM-B2.3 | 6º-EMB2.3.3 - Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.<br>Peso: 4.54% | | X | X | - Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | CD<br>CCEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 3: A música o movimiento e a danza** | | | | | | |
| EM-B3.1 | 6º-EMB3.1.1 - Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | CAA<br>CCEC |
| EM-B3.1 | 6º-EMB3.1.2 - Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | CCEC |
| EM-B3.1 | 6º-EMB3.1.3 - Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.<br>Peso: 4.54% | X | X | | - Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | CCEC |
| EM-B3.1 | 6º-EMB3.1.4 - Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.<br>Peso: 4.54% | X | X | | - Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. | CSC<br>CCEC |
| EM-B3.1 | 6º-EMB3.1.6 - Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B3.1 | 6º-EMB3.1.7 - Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | CAA<br>CSC |
| EM-B3.1 | 6º-EMB3.1.8 - Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.<br>Peso: 4.54% | X | X | X | - Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | CSC |

## 3. METODOLOXÍA

Entendemos por metodoloxía o conxunto de estratexias que imos seguir para o desenvolvemento das actividades propostas, e que poidan facilitar o desenvolvemento dos contidos para lograr de maneira satisfactoria os obxectivos propostos. Como principios metodolóxicos a ter en conta de maneira integrada e coordinada durante todo o proceso, teremos en conta principalmente os seguintes: o nivel do alumnado, a motivación, a aprendizaxe e a participación activa, as formulacións expositivas, enfoque globalizador, responsabilidade e esforzo, a organización grupal no desenvolvemento das tarefas, e a creatividade:

**A. Nivel do alumnado.** Como punto de partida, debemos ter moi en conta o nivel que presentan os alumnos/as, para, a partir de aquí, poder establecer pautas e actividades que teñan en conta o feito individual de cada un, tendo en conta a diversidade da aula (DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación) e logrando así aprendizaxes significativos (Ausubel).

**B. Motivación**. Nesta materia é preciso implicar de maneira activa ao alumnado, xa que a súa predisposición e participación é fundamental, para o que incidimos na motivación. Trataremos de conseguir un clima emocional adecuado para que o alumno se sinta

cómodo e disposto co profesor, intentando escoller temas que se acerquen ao centro de interese dos alumnos sempre que os contidos o permitan.

**C. A participación activa**. É o eixo condutor a nivel estratéxico na formulación de actividades. Seguiremos un enfoque constructivista, afastado o máis posible do aspecto meramente expositivo, apostando por unha aprendizaxe significativa, como mencionamos anteriormente, onde o alumno “aprende a aprender”. Tamén nos cursos onde utilizaremos libros de texto, intentaremos flexibilizar as unidades e apostar por unha participación dinámica.

**D. Enfoque globalizador.** É necesario que o alumnado atope sentido ás experiencias que se lles propoñen. Para iso, é importante conectar o máximo posible o desenvolvemento do currículo coas súas expectativas e vivencias próximas ao seu contorno e a súa cultura logrando así un aprendizaxe globalizador (Decroly).

**E. Responsabilidade e esforzo**. Son aspectos inherentes a un proceso educativo que pretende que se adquiran coñecementos e valores. Responsabilidade sobre todo cos compañeiros e compañeiras, ao desenvolver moitas actividades de carácter grupal, esforzo e constancia na realización das tarefas propostas tendente á consecución dos obxectivos específicos de cada Unidade Didáctica.

**F. Organización da clase**. Usaremos distintas posibilidades organizativas do alumnado en función das características das actividades expostas. Así, traballaremos de forma individual as actividades de sínteses que aparecen en todas as Unidades Didácticas; en parellas en actividades propias do traballo en clase: análise dalgunhas audicións, de partituras; organización en pequenos grupos de 5-6 alumnos/as para traballos de investigación fomentando así o método científico no alumnado; gran grupo, para a práctica vocal e instrumental e o desenvolvemento de coreografías; debates achega do desenvolvemento e corrección de actividades, así como para grandes escenificacións ou outras actividades que precisen este tipo de agrupamento.

**G. Creatividade**. Fomentaremos en todo momento o desenvolvemento da creatividade e espontaneidade de maneira produtiva, e que esta se poida plasmar nas actividades

escritas no caderno individual, así como nas máis artísticas de organización grupal (gravacións, coreografías, práctica vocal e instrumental).

## 4. RECURSOS E MATERIAIS

**Instrumentos musicais:** instrumentos ORFF, percusión, piano, guitarra, frauta. Material adaptado para traballar a linguaxe musical. Blog da clase de música. Ordenador de aula e PDI. Material para o aprendizaxe da frauta dulce (partituras y bases musicales).

En 6º de Primaria centrarémonos no Audiovisual e na creación musical, versionando temas, compoñendo melodías e traballando coas TIC.

Os nenos utilizarán un diario de clase/portfolio co material que utilizaremos na aula, e follas pautadas para traballar a linguaxe musical.

## 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Debemos ter en conta a diversidade de alumnado na aula en canto a procedencia, tanto académica como de residencia, distintos niveis de aprendizaxe, distintas competencias, modos e ritmos de aprender diferentes, etc. A atención a diversidade levarase a cabo na programación e no seu desenvolvemento na aula (especialmente nas actividades de ensino-aprendizaxe) onde se concretarán decisións, de forma que tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas poidan variar segundo as necesidades específicas do alumnado.

Polo tanto, a planificación de cada unidade didáctica ten en conta que non todos os alumnos alcanzarán da mesma maneira os obxectivos, seguirán o mesmo proceso de aprendizaxe e aprenderán exactamente o mesmo, polo que haberá que propoñer solucións coherentes tanto para os alumnos con máis dificultades como para os máis avantaxados.

As actividades adaptadas ao feito individual de cada alumno concíbense para motivalo suficientemente, para que non senta alleo ao proceso de aprendizaxe, polo que non deben ser nin moi fáciles nin moi difíciles, o cal podería implicar un estado de frustración

por parte do alumnado. Sería aconsellable, por tanto, dispoñer de agrupacións de alumnos flexibles na aula, que ofrezan unha resposta dinámica e acorde ao desenvolvemento de distintas formulacións didácticas nun mesmo espazo de tempo.

En todo momento o alumno debe estar apoiado por un clima de comprensión, que non implique compaixón, pero que valore os grandes ou pequenos logros e sexa estímulo no momentos de grandes ou pequenos fracasos.

O profesor deberá ter claro que a educación musical neste curso non pretende preparar profesionais senón colaborar a que o alumno adquira un formación integral, e a programación deberá ser flexible e mudar se o nivel do alumnado o precisa, e crear opcións para os diferentes ritmos de aprendizaxe.

## 6. AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliar é o proceso mediante o cal verificamos a aprendizaxe dos alumnos, coñecemos en qué medida adquiriron os contidos e o grao de consecución dos obxectivos de cada unidade didáctica. O obxecto da avaliación é dobre, por un lado valorar os aprendizaxes dos alumnos/as e por outro a propia práctica docente. Ao avaliar a práctica docente, valoramos a idoneidade do plan docente, as dificultades coas que tropezou a súa implantación e a calidade do seu desenvolvemento.

A Avaliación é continua e formativa, avaliando en todo momento o proceso ensino - aprendizaxe, e permitindo propoñer medidas para corrixir erros.

En canto aos procedementos e instrumentos, a avaliación será principalmente continua e priorizaremos o análise do recollido de traballo na aula, mediante o portfolio ou diario do alumno. Os instrumentos serán:

A) A ficha do alumno na que a profesora anotará a información relevante da avaliación continua así como notas e calificacións de probas orais ou escritas.
B) Portfolio ou diario dos alumnos/as: aquí rexistrarán as actividades da aula como dictados, linguae musical, comentario de obras, traballos en grupo, etc.

No caso de 5º e 6º de Primaria as "Producións orais" incluirán actividades mais complexas polo que computarán o 25 % da calificación final e incluirán producións

audiovisuais (composición, videoclips e outros traballos en 6º), quedando os seguintes criterios de avaliación:

Portfolio do alumno ———————— 30 %

Producións motrices ——————— 10%

Producións orais e audiovisuais — 25%

Gravacións e análise ——————— 10%

Exame ——————————————- 25%

## EDUCACIÓN ARTÍSTICA.- PLÁSTICA

### 1.- INTRODUCIÓN E OBXECTIVOS

A área de Plástica está incluída no Plan de Seccións Bilingües. A finalidade desta sección é crear contextos lúdicos e educativos que estimulen a comunicación oral e escrita en lingua inglesa así como a creatividade. Os obxectivos que se pretenden acadar con esta proposta xiran en torno a dous eixos: lingua e materia. Teremos en conta os obxectivos da área de Expresión Plástica establecidos no currículo e os obxectivos propiamente lingüísticos.

O obxectivo da sección non será reforzar a adquisición da lingua inglesa, senon conseguir unha inmersión lingüística que axude a conseguir un real plurilingüísmo galego-castelán-inglés. A lingua inglesa ten que coexistir de modo fluído e natural coa lingua materna. Para conseguir este obxectivo, o aprendizaxe do inglés debe implantarse nun contexto lúdico, divertido, natural. Un contexto no que a interacción social e a comunicación sexa o fío condutor a partir do cal se adquira a competencia persoal na lingua inglesa.

Os obxectivos lingüísticos serían os seguintes:

1. Desenvolver no alumnado a competencia oral e escrita na lingua inglesa: escoitar, falar, ler e escribir.
2. Utilizar a lingua inglesa como un sistema de comunicación paralelo ao galego e ao castelán nos intercambios sociais entre compañeir@s no colexio.
3. Asociar a aprendizaxe da lingua inglesa a contextos lúdicos .
4. Comunicarse en inglés de modo natural con fluidez e sen esforzo consciente.

5. Mellorar a competencia lingüística do alumnado con necesidades educativas específicas ou de compensación educativa.
6. Coñecer outras culturas e costumes.

**2.- METODOLOXÍA**

O traballo de Plástica desenvolverase en todas as modalidades fundamentalmente na Aula Virtual do CEIP de Arzúa (6º Curso, Plástica). Plástica de 6º pertenece ao proxecto Seccións Bilingües, por tanto, é un grupo de 6º o que leva a a termo este proxecto.

Na Aula Virtual na área de Plástica dispoñemos de enlaces as seguintes actividades:

-Visitar Museos Virtuais estatais e do resto do mundo.

-Proxectos como "Vamos de museos", onde cada nen@ recrea na súa casa unha obra de arte da súa predilección e fai unha foto. Os resultados publicanse na páxina web do colexio, Lingua Inglesa, Arts.

-Ver un video da Historia da pintura e o debuxo.

-Facer mandalas virtuais (animais, flores, etc)

-O arte dos patróns de garabatos.

-Puntillismo

-Collages

-Espazos negativos

-Arte efímera

-Origami

-Proxectos de témperas e acuarelas

- Murais

-Debuxo libre

-Etc

6º A está formado por 21 alumnas e alumnos, dos que tod@s dispoñen dun ordenador de E-Dixgal aínda que ás veces con problemas de cobertura nos seus fogares.
Na Aula Virtual do centro, no apartado de Axenda 2022/23, en Plástica, subiranse as indicacións ás tarefas ou proxectos a realizar.
Empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, baseándonos nunha perspectiva constructivista da aprendizaxe.

A fundamentación lexislativa a este apartado correspóndese co establecido no Decreto 105/2014 que establece o currículo de primaria e a Orde ECD65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación.

**3.- MATERIAIS E RECURSOS**

Aula Virtual do CEIP de Arzua ( 6º curso-Plástica)
Páxina web do CEIP de Arzúa (English-Art)
Enlaces a Museos de Galicia e o resto do mundo.
Videos explicactivos das diferentes técnicas.
Materiais diversos: acuarelas, óleos, rotuladores, etc.
Diversas aplicacións informaticas: Whatsapp, Liveworksheets, etc

**4.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.**

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL | | | | |
| J<br>e<br>b | B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo.<br>B1.2. O contexto natural, artificial e | B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, | EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo. | CCL<br>CCEC<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.<br>B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes. | visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores. | EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre | CCEC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | soportes distintos. | |
| j<br>e<br>b | B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías.<br>B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual.<br>B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe.<br>B1.7. Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.<br>B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais.<br>B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización. | B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. | EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función). | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.2.2 Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía. | CCEC<br>CCL |
| | | | EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do | CCEC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | encadramento ao propósito inicial. | |
| | | | EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son. | CCEC<br>CAA<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| j<br>i<br>a | B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción.<br>B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación).<br>B1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación.<br>B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe. | B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento. | EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brilo, contraste, …) que lle serven para a ilustración de textos. | CD<br>CSC |
| | | | EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.. | CSC<br>CD |
| BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA | | | | |
| j<br>b | B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións.<br>B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos | B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e | EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, | CCEC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística.<br>B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición). | técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista. | coidando o material e o espazo de uso. | |
| | | | EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.). | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura. | CAA<br>CCEC |
| | | | EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias | CAA<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | necesidades. | |
| | | | EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións. | CAA<br>CCEC |
| | | | EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor. | CAA<br>CCEC |
| | | | EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas. | CAA<br>CCEC |
| | | | EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.). | CCEC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos. | CCEC<br>CCL |
| j<br>b | B2.4. Análise das formas de representación de volume.<br>B2.5. Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais.<br>B2.6. Comparación entre as formas que adopta a representación do espazo en diferentes áreas ou ámbitos. | B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado. | EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o | CCEC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais. | |
| d<br>j | B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas.<br>B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos.<br>B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación.<br>B2.10. Elaboración de documentos relacionados con obras, creadores e creadoras, e manifestacións artísticas. | B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio. | EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade. | CSC<br>CCEC |
| | | | EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas. | CSC<br>CCEC |
| | | | EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das | CSC<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | súas producións. | |
| i<br>j<br>b | B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados.<br>B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística. | B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos. | EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias. | CD<br>CCEC |
| | | | EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos. | CD<br>CCEC |
| | | | EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas). | CCEC<br>CD |
| a | B2.13. Elaboración | B2.5. Realizar | EPB2.5.1. | CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>j | de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade.<br>B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas).<br>B2.15. Realización individual ou en grupo, con establecemento de momentos de revisión e de reflexión sobre o proceso seguido. | producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as. | Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada. | CAA |
| | | | EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos. | CSC<br>CCEC |
| | | | EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira. | CSC<br>CCEC |
| | | | EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades. | CSC<br>CCEC<br>CAA |

| BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| g<br>b<br>j | B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado.<br>B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala.<br>B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas.<br>B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.<br>B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais. | B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica. | EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízaos nas súas composicións con fins expresivos. | CCEC<br>CAA<br>CMCCT |
| | | | EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón. | CCEC<br>CAA<br>CMCCT |
| | | | EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico. | CCEC<br>CMCCT |
| | | | EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás. | CMCCT<br>CCEC |
| | | | EPB3.1.5. Calcula graficamente a | CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás. | CCEC |
| | | | EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio. | CMCCT<br>CCEC |
| | | | EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico. | CMCCT<br>CCEC |
| | | | EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor. | CCEC<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo | CCEC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | técnico. | |
| | | | EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón. | CMCCT |
| | | | EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais. | CCEC<br>CAA |
| | | | EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples. | CCEC<br>CMCCT |
| | | | EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente. | CCEC<br>CMCCT<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula. | CMCCT<br>CCEC |
| | | | EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes. | CMCET<br>CCEC |
| J<br>g<br>b | B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final. | B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente. | EPB3.2.1.Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados. | CCEC<br>CAA<br>CMCCT |

# Programación de Relixión Católica

## *1. Obxectivos en clave de Competencias*

• Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.
*(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística)*

• Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa.
*(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística)*

• Coñecer e manexar a *Biblia* recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.
*(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística, aprender a aprender)*

• Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.
*(Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Aprender a aprender)*

• Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo, apreciando a acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.
*(Competencia de sentido transcendente, Competencia humanizadora)*

• Identificar o significado dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo.
*(Competencia lingüística, Competencia humanizadora, Aprender a aprender)*

• Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida o fundamento para un estilo de vida cristián.
*(Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente)*

• Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e no servizo eclesial prestado polos apóstolos e polos seus sucesores.
*(Competencia social e cívica, Competencia sentido e transcendencia, Competencia humanizadora)*

• Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.
*(Competencia ético-moral, Competencia humanizadora)*

• Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián.
*(Competencia humanizadora, Competencia ético-moral, Competencia de sentido transcendente)*

• Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está a vivir, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.
*(Competencia de sentido transcendente, Aprender a aprender)*

• Descubrir e apreciar a síntese dos elementos básicos da fe cristiá presentes no

Credo da Igrexa.
*(Competencia epistemolóxica, Competencia de sentido transcendente, Aprender a aprender)*

## 2. Contidos do Sexto Nivel

- A orixe e o destino da vida. Grandes preguntas.
- A orixe das relixións: as relixións prehistóricas.
- As relixións na Antigüidade: as primeiras relixións históricas. Crenzas, deuses, espazos sagrados e ritos sagrados das antigas Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma. Politeísmo e monoteísmo.
- Deuses, templos e festas.
- O mito de Eco e Narciso.
- A linguaxe poética e a linguaxe científica.
- A cultura xudía.
- Deus chama polo pobo de Israel.
- Abraham, Moisés, Samuel e Xeremías.
- O país de Xesús: xeografía, política e relixión.
- O Templo de Xerusalén.
- O Muro das Lamentacións.
- Mapa do país de Xesús.
- Vivir como estranxeiro noutros países.
- O respecto polas relixións.
- Hinduísmo, budismo e islam: orixe, divindades, crenzas, libros sagrados, lugares de culto e lugares de peregrinación.
- A pegada do islam na nosa cultura.
- Formas de dar testemuño de fe.
- A herdanza dos cristiáns e das cristiás: a fe en Xesús.
- Fe, esperanza e caridade, virtudes dos cristiáns.
- Presenza de Xesús na arte.
- Xesús é o Salvador do mundo.
- Xesús atópase con Simeón.
- Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus.
- Outras relixións: como lle chaman a Xesús os xudeus e os musulmáns.
- A pintura *Adoración dos Reis* de Giotto
- O labor da Igrexa no mundo.
- As peregrinacións na Igrexa.
- A misión da Igrexa: anunciar o Evanxeo, celebrar os sacramentos e vivir segundo as ensinanzas de Xesús.
- A misión dos discípulos.
- A forza do Espírito Santo.
- Sacramento da Confirmación.
- Diferenzas na Confirmación entre Igrexas cristiás.
- Mapa das primeiras comunidades cristiás.
- As viaxes misioneiras do apóstolo Paulo.
- As necesidades do próximo.
- A Igrexa responde os retos do mundo actual. .
- A Igrexa é o Corpo de Cristo: o Papa, os bispos, os presbíteros, os diáconos, os relixiosos e relixiosas e os laicos e laicas.
- A Igrexa local e universal: as dioceses.
- Obra de arte *No nome de Deus* de Giovanni Canova.
- María, fonte de inspiración.

- Modelos que nos axudan a ser mellores persoas.
- Modelos próximos a nós.
- María, a nai de Xesús, a primeira cristiá.
- María nos Evanxeos.
- O calendario litúrxico.
- O anhelo de felicidade.
- O Reino de Deus.
- O compromiso da Igrexa ante a dor, a enfermidade, a inxustiza, a pobreza e a soidade.
- A alegría dos discípulos de Xesús.
- Xesús resucitado atópase con María Madalena.
- As festas do ano litúrxico.
- O día do Señor: a Eucaristía dominical.
- A festa semanal dos xudeus e dos musulmáns.
- As parábolas.
- A fidelidade aos principios.
- Xesús é fiel a Deus, a si mesmo e aos demais.
- Xesús é modelo de fidelidade a Deus.
- O proxecto de vida dos cristiáns e das cristiás: conciencia, liberdade e paz.
- As dificultades e a esperanza.
- Xesús é a esperanza dos cristiáns e cristiás.
- As persoas coherentes e auténticas.
- O afán de verdade: vidas coherentes e auténticas.
- A responsabilidade e a toma de decisións.

### *3. Criterios de avaliación do Sexto Nivel*

- Saber identificar algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na Antigüidade.

- Relacionar as grandes relixións vixentes, descubrindo as súas principais semellanzas e diferenzas.

- Distinguir o sentido último da vida segundo as relixións monoteístas.

- Saber diferenciar as concepcións sobre a salvación do home no hinduísmo e no budismo.

- Comentar algúns textos do Novo Testamento onde se manifesta a humanidade e a divindade de Xesús.

- Describir que consecuencias ten no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus.

- Sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación realizada por Xesucristo, e razoar como Deus se dá a través dos sacramentos.

- Sinalar en textos evanxélicos a orixe da Igrexa e a súa finalidade de salvación.

• Describir a misión dos membros da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.

• Especificar o servizo eclesiástico que os apóstolos e os seus sucesores lle prestan ao pobo de Deus.

• Situar e valorar a presenza da Virxe María nos momentos importantes da vida de Xesús, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.

• Razoar o valor da liberdade e a responsabilidade dos propios actos á luz do Evanxeo, e saber aplicar o Mandamento do Amor ás situacións cotiás.

• Identificar algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos necesitados.

• Sinalar e respectar os valores das distintas relixións e a súa contribución á cultura.

• Interpretar o significado transcendente da arte relixiosa, e distinguir as festas civís das festas cristiás.

• Resumir a fe da Igrexa acerca da vida eterna.

### *4. Estándares de aprendizaxe do Sexto nivel*

- Recoñece algúns elementos distintivos das primeiras relixións na súa resposta as preguntas básicas sobre o sentido da vida.
- Sinala e respecta os valores das distintas relixións
- Relaciona e distingue elementos distintivos das grandes relixións vixentes.
- Comprende algunhas características das relixións monoteístas, en concreto do xudaísmo.
- Valora e respecta o legado cultural herdado do Islam na Península Ibérica.
- Recoñece a misión da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.
- Identifica e valora algúnhas institucións da Igrexa adicadas a axudar aos demais.
- Sitúa e valora a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Xesús, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
- Identifica o sacramento da Confirmación como medio polo cal os cristiáns reciben o don do Espíritu Santo.
- Distingue a organización e a misión dos membros da Igrexa.
- Valora e comprende a coherencia como fundamento do ser humano.
- Distingue o sentido último da vida segundo a relixión cristiá.

### *5. Ensinanzas transversais do Sexto Nivel*

O carácter integral do currículo implica que se teñen que incorporar nas diferentes áreas elementos educativos básicos contidos nas ensinanzas transversais.

Deseguido, de forma moi breve, presentamos como se incorporaron as ensinanzas transversais na área de Relixión Católica.

**Educación moral e cívica**

- Identificación e análise das causas que provocan situacións de marxinación e inxustiza social.

- Superación de prexuízos respecto das persoas ou dos grupos sociais minoritarios.

- Interese por coñecer os aspectos positivos doutras culturas e valoralos adecuadamente.

- Interese por comprender e valorar as características e calidades das persoas que lle rodean, establecendo con elas relacións equilibradas e construtivas, así como recoñecendo e valorando criticamente as súas diferenzas.

- Adquisición progresiva de seguridade en si mesmo para enfrontarse con autonomía a calquera situación e para resolver aquelas que sexan conflitivas.

- Desenvolvemento progresivo da autonomía persoal.

- Interese por establecer relacións afectivas cos demais.

- Participación nas actividades de grupo, respectando os puntos de vista dos demais.

- Participación nas tarefas de grupo, mostrando actitudes de solidariedade e colaboración.

- Aceptación e respecto polas normas que democraticamente se establezan na planificación e realización de tarefas comúns.

- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e deberes que corresponden a cada membro do grupo.

- Importancia e valoración do labor que a Igrexa, a través das súas institucións, ofrece desinteresadamente aos máis necesitados.

- Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubrindo as razóns da súa existencia e obrando en consecuencia.

**Educación para a paz**

- Descubrimento e valoración das calidades e aptitudes dos demais.

- Importancia do diálogo como medio para solucionar conflitos.

- Respecto e tolerancia cara ás opinións alleas.

• Análise de posturas e actitudes que favorecen vivir en paz: diálogo, perdón, aceptación, colaboración...

• Interese por coñecer o novo mandamento de Xesús para alcanzar a verdadeira paz cun mesmo e cos demais.

**Educación para a saúde e a calidade de vida**

• Valoración do propio corpo como obra da Creación.

• Aprecio polo propio corpo e o coidado deste.

• Actitude de axuda cara ás persoas enfermas, débiles, anciás, indefensas..., e colaboración con estas.

• Actitude de rexeitamento cara a calquera práctica que vaia en contra da vida e da saúde, e de acollida cara a aquelas que a favorezan.

**Educación para a igualdade de oportunidade entre os sexos**

• Interese por descubrir a dignidade da persoa e valorala.

• Valoración do home e da muller, desde a súa dignidade de persoa e como seres máis importantes da Creación.

• Importancia e valoración da mensaxe de Xesús e da doutrina da Igrexa sobre a dignidade do home e a muller como fillos de Deus.

• Asunción das tarefas que deben realizarse, independentemente de que se sexa home ou muller.

• Rexeitamento cara a calquera manifestación que supoña discriminación baseada na diferenza de sexo.

**Educación ambiental**

• Descubrimento global do contorno como elemento imprescindible para a vida.

• Interese por respectar a natureza, obra da Creación ao servizo do home e da muller.

• Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.

• Respecto polas orientacións da Igrexa e de moitos santos sobre o respecto cara á natureza, as plantas, os animais...

• Valoración do traballo das persoas que colaboraron e colaboran na mellora do medio natural.

### Educación sexual

• Aprecio e respecto cara ás persoas, con independencia da súa condición sexual.

• Manifestación de sentimentos que favorezan a amizade, a tenrura e a igualdade entre os sexos.

• Interese pola mensaxe cristiá sobre o papel do home e da muller como procreadores da especie humana.

• Importancia da sexualidade como actitude de plena comunicación afectiva entre as persoas.

### Educación do consumidor

• Actuación responsable na utilización de servizos e bens de consumo.

• Respecto e aceptación das normas que regulan o uso e consumo dos recursos enerxéticos.

• Actitude de rexeitamento cara ao consumismo.

• Sensibilización ante os colectivos que non poden satisfacer as necesidades básicas e actitude de colaboración.

### Educación viaria

• Actitude de colaboración con persoas diminuídas e con aquelas que teñen dificultades para circular.

#### Educación para o lecer

• Desenvolvemento da capacidade de aproveitar o tempo de lecer en actividades que fomenten o desenvolvemento persoal.

• Importancia de amosar actitudes positivas no desenvolvento do tempo de lecer.

• Planificación de xogos e actividades para o tempo libre.

## *6. Contidos e criterios de avaliación mínimos esixibles para superar o Sexto Nivel*

### 6.1 Contidos mínimos esixibles para Sexto Nivel

- As relixións na antigüidade: Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma. Politeísmo e monoteísmo.

- Deuses, templos, festas.
- A cultura xudía.
- Deus chama a través do  pobo de Israel.
- O país de Xesús: xeografía, política e relixión.
- Mapa do país de Xesús.
- O respecto polas relixións.
- Hinduismo, Budismo e Islam: orixe, divindades, crenzas, libros sagrados e lugares de culto.
- Presenza de Xesús na arte.
- Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus.
- A misión da Igrexa: anunciar o Evanxeo, celebrar os Sacramentos e vivir segundo as ensinanzas de Xesús.
- A misión dos apóstolos.
- Mapa das primeiras comunidades cristiás.
- As viaxes misioneiras do apóstolo Paulo.
- A forza do Espírito Santo.
- Sacramento da Confirmación.
- A Igrexa é o  Corpo de Cristo: Papa, bispos, presbíteros, diáconos, relixiosos, laicos.
- A Igrexa local e universal: as dióceses.
- O compromiso da Igrexa ante a dor, a enfermidade, a inxustiza, a pobreza e a soidade.
- Xesús é o modelo de fidelidade a Deus.
- Xesús é a esperanza dos cristiáns e cristiás.
- As persoas coherentes e auténticas.
- A responsabilidade e a toma de decisións.

## 6.2 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Sexto Nivel

- Coñecer e valorar a súa forma de ser.
- Valorar as crenzas dos antepasados representadas en obras do patrimonio cultural da súa localidade.
- Respectar as diferentes actitudes ante a existencia de Deus.
- Comprender a necesidade de coidar, conservar e continuar a Creación.
- Identificar o símbolo da auga no Bautismo.
- Comparar o xudaísmo, o cristianismo e o islam en canto aos nomes que lle dan a Deus, os seus fundadores, libros sagrados e lugares de culto.
- Recoñecer a Xesús como o Mesías Salvador na historia do pobo de Israel.
- Identificar o Advento como tempo de preparación do nacemento de Xesús.
- Coñecer quenes  foron os discípulos de Xesús e a súa misión.
- Comprender o compromiso social dos cristiáns para contribuír á construción do Reino de Deus.
- Ser capaz de recoñecer a necesidade de ser perdoado e de perdoar.
- Coñecer a vida de María e as súas actitudes de confianza, espera e alegría.
- Identificar o Mandamento do Amor en diferentes accións e actitudes.
- Participar na dramatización das últimas vivencias de Xesús cos seus discípulos.
- Aprender a coñecer as consecuencias das propias decisións.
- Valorar o testemuño cristián e a coherencia entre fe e vida cristiá.
- Sintetizar a misión de organizacións como Cáritas ,Intermon Oxfam, Manos Unidas...
- Comprender a vontade de Deus para a humanidade: felicidade, liberdade e esperanza dun mundo mellor.
- Contemplar e comprender o significado de distintas pinturas que evocan elementos relixiosos.

- Explicar os sentimentos que lle esperta a beleza de diversos elementos naturais.
- Coñecer as principais crenzas, deuses, espazos e ritos sagrados das relixións prehistóricas e antigas de Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.
- Identificar elementos simbólicos da cultura e da relixión xudía.
- Relacionar a Alianza de Deus co pobo de Israel e cos personaxes de Abraham, Moisés, Samuel e Xeremías.
- Coñecer os trazos principais do hinduísmo, do budismo e do islam.
- Amosar respecto e valorar o patrimonio cultural destas relixións.
- Resumir a misión encargada por Xesús aos seus discípulos e vinculala á actualidade.
- Identificar obras de arte coa mensaxe cristiá.
- Comprender o significado profundo das tradicións e dos xestos do Nadal.
- Identificar e interpretar elementos simbólicos na pintura *Adoración dos Reis* de Giotto.
- Coñecer e valorar o testemuño de fe e vida dos primeiros cristiáns.
- Identifica os ritos e os signos presentes no sacramento da Confirmación.
- Valorar o testemuño de persoas cristiás comprometidas coa sociedade e coas necesidades humanas.
- Valorar o amor e os seus froitos a partir de modelos próximos.
- Coñecer o calendario litúrxico e os símbolos de cada tempo.
- Coñecer e valorar o testemuño de María Madalena e a súa coherencia entre vida e fe.
- Aprender a valorar e a respectar as festas e o modo de vida cristiáns.
- Coherencia necesaria entre a fe e a vida cristiá.
- Identificar a Xesús como modelo de fidelidade.
- Tomar decisións de forma responsable segundo os propios valores.
- Valorar a esperanza cristiá e a coherencia entre fe e vida cristiá.
- Amosar algunhas actitudes comprometidas cos demais.

## *7. Procedementos e instrumentos de avaliación*

### 7.1 Escritos

• Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.
• Caderno de clase do alumno.
• Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiables, probas escritas individuais...).
• Traballos de grupo.
• Resolución de exercicios e problemas.
• Actividades interactivas.

### 7.2 Orais

• Preguntas individuais e en grupo.
• Participación do alumno/a.
• Intervencións na clase de xeito respectuoso e responsable.
• Postas en común.
• Exposicións orais.

### 7.3 Observación directa e sistemática

• Listas de control.
• Rexistros de incidencias (individual ou do grupo).

### 7.4 Outros

• Rúbrica de avaliación
• Persoal de avaliación.
• Autoavaliación.

## *8. Criterios de cualificación e porcentaxes*

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumnado de Sexto Nivel de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

| | ***Criterios*** | ***Porcentaxe*** |
|---|---|---|
| 1. Traballo autónomo (aula, outros espazos). | • Realización sen axuda externa.<br>• Estimación do tempo investido para | 20% |

| | | |
|---|---|---|
| | resolver unha actividade.<br>• Orde e limpeza na presentación.<br>• Caligrafía.<br>• Valoración entre o traballo na clase e na casa.<br>• Creatividade. | |
| 2. Probas orais e escritas. | • Valoración da aprendizaxe dos contidos.<br>• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.<br>• Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade.<br>• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.<br>• Caligrafía lexible. | 20% |
| 3. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...). | • Nivel e calidade das intervencións.<br>• Mensaxe estruturada.<br>• Uso de vocabulario apropiado.<br>• Comportamento.<br>• Esforzo.<br>• Interese. | 30% |
| 4. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal. | • Capacidade de traballo cooperativo.<br>• Grao de comunicación cos compañeiros.<br>• Resolución de conflitos.<br>• Interese, motivación.<br>• Creatividade.<br>• Iniciativa.<br>• Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo. | 20% |
| 5. Experiencias e traballos de investigación e exposición dos mesmos | • Uso adecuado e responsable dos manuais de consulta (enciclopedias, dicionario...) e de Internet.<br>• Correcta selección, interpretación e síntese da información.<br>• Espírito de cooperación e compañeirismo… | 10% |

### *8.1 Criterios de cualificación e porcentaxes no caso do ensino a distancia*

| Criterios | Porcentaxes |
|---|---|
| 1.Entrega en prazo das tarefas online propostas. | 20% |
| 2.Realización do traballo online proposto e coidado na presentación do mesmo. | 50% |
| 3.Valoración da actitude e da participación nas tarefas que se propoñan. | 30% |

## *9. Metodoloxía*

A área de Relixión Católica, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia aos alumnos no coñecemento, na análise e na

valoración do contorno físico, social e cultural.
A ensinanza da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.
A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.
Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Relixión Católica.
A **integración** das **Competencias** e das **Intelixencias múltiples** na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita, hipótese, comprobación, conclusións, resolución de problemas...) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno.
O alumnado pode desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo, a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se van utilizar, a elaboración e presentación do proxecto, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.
A conxunción do traballo individual e o colectivo, as actividades na clase, durante excursións , a reflexión e a resolución práctica de problemas contribúe a asentar o coñecemento integrado e globalizado do medio social, natural e cultural que o envolve.
Á hora de avaliar, a **rúbrica de avaliación** convértese nun instrumento ou guía dunha serie de criterios avaliables de coñecementos e competencias, en distintos graos de consecución, logrados polo alumnado.
O **uso das TIC** en Relixión Católica facilita a observación de procesos e procedementos, a manipulación-elaboración de exercicios e dótaas dun compoñente lúdico e motivacional.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de aprendizaxe que expoñen:

Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumnado de Sexto Nivel, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das Competencias propias da materia.
Exercicios e actividades diversificadas que contemplan Competencias e Intelixencias múltiples: traballo individual, en grupo, traballo cooperativo en Proxectos, uso das TIC, actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos e alumnas.

### 9.1 Metodoloxía no caso de actividade lectiva non presencial

O ensino non presencial será impartido preferentemente a través da aula virtual do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/aulavirtual/ á que se subirán os recursos e as propostas necesarias que permitan acadar os contidos da materia e levar a cabo unha avaliación continua da mesma. Estas propostas, no caso da materia de Relixión, realizaríanse cunha periodicidade semanal, continuando así coa carga lectiva horaria da propia materia.

Outras ferrramentas telemáticas ás que se recorrerá, de ser preciso, para manter a actividade lectiva serán: a web do centro http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/ , o servizo de videoconferencia webex, o correo electrónico relixion@arzua.net, e, de ser necesario ou solicitado por algunha familia, o sistema de mensaxería whatsapp.

Polo que se refire a este punto tamén é importante reflectir a necesidade de intensificar a coordinación entre o profesorado implicado na docencia deste nivel a través da titoría do mesmo.

## *10. Materiais e recursos didácticos*

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Relixión Católica de Sexto Nivel.
• Libros de texto dixitais Relixión Católica 6º E.P. *das* editoriais Rodeira e Anaya.
• Contidos dixitais do Proxecto E-Dixgal.
• Murais.
• Caderno *Mensaxes con valores.*
• Caderno de simboloxía.
• Caderno con material fotocopiable de ampliación e reforzo dos contidos.
• Láminas de arte.
• Aula virtual.
• Recursos educativos dixitais (enlaces, actividades interactivas, presentacións tipo power point…)

**Outros recursos**
• Encerado dixital.
• Ordenadores
• *Biblia*.
• Contos, biografías, material de consulta diverso…
• Dicionario e atlas.
• Material funxible.

## *11. Atención á diversidade*

Relación das diferentes propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos.

• ADAPTACIÓN CURRICULAR (REFORZO): Fichas fotocopiables con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte dos alumnos e alumnas.
• AMPLIACIÓN: Fichas fotocopiables con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
• COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...
• PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
• ENSINANZA TITORIZADA.
• TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
• LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

Neste apartado é importante sinalar a indispensable comunicación e coordinación coa titora e co equipo de orientación para optimizar as aprendizaxes e traballar os potenciais individuais deste alumnado, así como para dar unha resposta educativa personalizada aos nenos e nenas con NEE : pautas de actuación, medidas curriculares, estratexias didácticas á hora de elaborar materiais e recursos educativos…

## *12. Estratexias para incorporar as TIC na aula*

Para incorporar as TIC na aula propóñense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e actividades da área de Relixión Católica para Sexto Nivel, que complementan e amplían.

| | |
|---|---|
| *Actividades TIC* | Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.<br>Realización de traballos co procesador de textos e co PowerPoint… |
| *Ligazóns a Internet* | Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento. |
| *Recursos dixitais na Aula Virtual* | Actividades interactivas (aplicables no encerado dixital interactivo): O alumnado responde seleccionando a opción correcta, clasificando os elementos en diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta. |

## *13. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e desenvolver a expresión oral e escrita*

• Lectura do libro de texto (en formato dixital).
• Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
• Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
• Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.
• Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións.
• Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
• Expresión escrita en papel e en pantalla.
• Diálogos, debates, argumentacións…
• Expresión das súas propias experiencias e sentimentos.
• Na sesión despois do recreo, adicaremos 20 minutos á lectura individual ou colectiva, en distintos formatos (plan lector do centro).